

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017 DE NÚM. 1/2017.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

**SECRETARIO ACCIDENTAL:** D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

**INTERVENTORA :** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **ÍNDICE:**

1.-	Aprobación, se procede, das actas N° 15/2016, da sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2016 e N° 16/2016, da sesión extraordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2016.....	Páx. 3
2.-	Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 3
3.-	Dación de conta do Documento de formalización do outorgamento directo de concesión demanial gratuíta á Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio dunha parcela de titularidade municipal para a instalación en Lalín dunha estación fixa de control de calidade do aire e meteorolóxica.....	Páx. 7
4.-	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 1/2017.....	Páx. 8
5.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle ao Ministerio de Fomento que retome o proxecto de mellora da seguridade viaria e rebaixa do firme da N-525 ao seu paso polo lugar de A Laxe, na parroquia de Bendoiro.....	Páx. 13
6.-	Moción do Grupo de Goberno para declarar persoa non grata en Lalín ao exMinistro de Defensa Federico Trillo.....	Páx. 17
7.-	Moción do PP para promover a instalación dunha caldeira no Auditorio de Vilatuxe.....	Páx. 23
8.-	Moción do PP para solicitar a compra de senllas parcelas no núcleo urbano de Cercio para a mellora do vial EP-6007 e para a construción dunha praza pública.....	Páx. 27
9.-	Moción do PP para a reconstrución das pontes de Cristimil e Sestelo sobre o río Asneiro.....	Páx. 30
10.-	Moción do Concelleiro non adscrito para que se leven a cabo diversas medidas para honrar ao veciño Vicente Agulló e se nomeen conxuntamente persoas non gratas a Federico Trillo e a Pablo Crespo.....	Páx. 33
11.-	Moción por urxencia do Concelleiro non adscrito sobre os remanentes da Gala do Cocido.....	Páx. 34
12.-	Moción por urxencia do Concelleiro non adscrito para que se realicen as obras de alcantarillado e saneamento necesarias nas parroquias de Cadrón e Botos.....	Páx. 37
13.-	Moción por urxencia PP para incorporar ao Plan Concellos 2017 as Depuradoras de Vilatuxe e Prado, as Pontes de Cristimil e Sestelo e os viais propostos polo PP que non se incorporaron ás obras dos remanentes de 2015.....	Páx. 40
14.-	Rogos e preguntas.....	Páx. 45

Sendo as nove horas do xoves, **día 27 de xaneiro de 2017**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental, *D. Jorge García Fernández*.

Actúa como Interventora, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 15/2016, DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2016 E Nº 16/2016, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE DICIEMBRE DE 2016.-**

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 15/2016, da sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2016, e Nº 16/2016, da sesión extraordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2016.

De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, acordouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobar as actas Nº 15/2016, da sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2016, e Nº 16/2016, da sesión extraordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2016, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- DACIÓN DE CONTA DO DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO OUTORGAMENTO DIRECTO DE CONCESIÓN DEMANIAL GRATUÍTA Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DUNHA PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN EN LALÍN DUNHA ESTACIÓN FIXA DE CONTROL DE CALIDADE DO AIRE E METEOROLÓXICA.-**

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que este documento era o “broche de ouro” a unha reivindicación que efectuaron dende o seu partido cando estaban no goberno lalinense.

Por iso criticou a falta de axilidade na xestión deste tema por parte da Xunta de Galicia. Era mellorable porque a petición da Estación Fixa de Control da Calidade do Aire xa fora efectuada había varios anos, sendo Conselleiro Agustín Hernández.

Dende o goberno, a Concelleira delegada de Medio Ambiente, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés**, explicou que cando o goberno lalinense quixo retomar os trámites para a Estación Fixa de Control da Calidade do Aire, dende a Xunta de Galicia alegaron que non había expediente algún, polo que tiveron que retomar novamente toda a tramitación.

Se ben xa facía máis dun ano que se iniciara a tramitación de novo, polo que deulle a razón ao voceiro popular, en que a axilidade na xestión da Xunta de Galicia era mellorable.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que, se dende o seu partido non tivesen feito os trámites iniciais, non estarían a día de hoxe dando conta deste documento da Estación de Calidade do Aire.

**D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** discrepou ao respecto.

Produciuse entre eles un breve debate, pero sen máis dilación continuouse coa Orde do Día.

**O Concello Pleno quedou enterado.**

#### **4.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2017.-**

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Concelleira Delegada de Facenda, D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus, de data 17 de xaneiro de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de xaneiro de 2017.***

Dende o grupo de goberno, a *Concelleira Delegada de Facenda, D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus*, comezou explicando que este Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos respondía á necesidade de atender a gastos que se produciron durante o ano 2016 e que non se someteron ao procedemento xeral de contratación.

O *Sr. Secretario* pediu a palabra para explicar que a Memoria da Concelleira Delegada de Facenda que había no Expediente, foi modificada en relación coa documentación inicial aportada aos membros da Corporación.

A *Concelleira Delegada de Facenda, D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus*, dixo que ía proceder a explicar dito cambio ao longo da súa exposición sobre o Expediente.

Non obstante, o *Sr. Secretario* considerou que debía repartir as copias da Memoria modificada, antes de avanzar máis no debate do Expediente.

Dende o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que non vía axeitado que se realizase o cambio na Memoria do Expediente e se lle dese traslado ao seu grupo de dito cambio na sesión do Pleno.

**D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus** explicou con detalle o contido do Expediente. Dixo que de non aprobarse este Expediente nesta sesión, faría que o Concello incorrese en morosidade e PMP, con todo o que iso conlevaba.

Fixo referencia a que dende o PP, criticaron que a Memoria que se lle trasladara no Expediente ía sen firmar por ela mesma, Concelleira Delegada de Facenda, e que este feito fora recollido na Prensa.

Era certo que a Memoria se trasladara sen firmar e o motivo fora administrativo. As Memorias eran redactadas polos técnicos, non polos Concelleiros, e introducíanse no Expediente. Cando lle deron traslado da Memoria para asinala, foi cando realizou a modificación.

Non había mala praxis por parte dos Servizos Económicos do Concello, pero xa no ano 2015, no tocante ao Expediente de recoñecemento extraxudicial, o concelleiro delegado popular, **D. Manolo Gómez** asinou exactamente o mesmo Informe. Dende os Servizos Económicos elaborábase todo o Expediente.

Na Prensa reflectiron o Informe que non asinara a Concelleira Delegada. Por iso recalcou que este informe que non asinou, era o mesmo a nivel de contido, que o que asinara **D. Manolo Gómez** no ano 2015. Cando o viu, decidiu modificalo.

Non considerou axeitado que dende o PP criticasen os reparos suspensivos, xa que durante o mandato do PP no goberno lalinense, tamén houbo reparos que os forzaron a sacar contratos e algún herdouse polo Goberno actual.

Por iso non vía axeitado que lle quixesen dar leccións a ela como Concelleira Delegada de Facenda.

O Sr. Alcalde non quixo levantar os reparos suspensivos e por iso foi a cuestión a Pleno, dándolle maior transparencia ao tema.

Aprobar este Expediente no Pleno non conlevaba responsabilidade para os membros do mesmo, senón para o/a Concelleiro/a que asinou as facturas.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** dixo que como el non tiña nada que ver con estas facturas, non era un problema que lle afectase.

Quería ver a exposición do PP para decidir o sentido do seu voto.

Considerou que, dende o goberno, a el o someteran a moita presión co Departamento de Intervención, polo que, ante as modificacións da Memoria de última hora, podía variar o seu voto.

Dende o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** criticou a argumentación previa da Concelleira Delegada de Facenda, experta no ámbito legal. Coñecía os procedementos e o rigor de todo goberno.

Despois de estudar o Expediente, no seu grupo advertiron defectos formais claros, que non sabían se eran intencionados ou non.

A documentación que recibiron, estaba sen asinar, polo que criticou o rigor do goberno.

Na nova Memoria que redactou a Concelleira Delegada falaba do artigo 103 da Constitución Española, pero a Carta Magna tamén dicía que os servidores públicos debían cumprir estritamente a legalidade á hora de encargar algunha prestación.

A contía dos gastos era menor, non era o importante e podía responder a unha determinada emerxencia. O importante era o feito de que se traballaba ao marxe das advertencias dos técnicos.

Analizando as remesas de facturas que se levaron ás Xuntas de Goberno Local dende que se encargaron da xestión os membros do goberno actual, destacou que no ano 2015 había 70 facturas, e no ano 2016, 229 facturas, reparadas con observacións.

Polo tanto, o que se trouxo ao Pleno non era máis que o resultado dunha práctica que se estaba a efectuar día a día.

O *Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano*, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** mostrou a súa desconformidade co que acababa de dicir o edil popular.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** díxolle ao Concelleiro Delegado que xa tería tempo de tomar a palabra e intervir.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que el era o responsable de dirixir o debate.

Neste intre, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que xa ían ata este momento dúas interrupcións no Pleno: por unha banda o Concelleiro do PP, D. Xosé Crespo Iglesias interrompeu á Concelleira Delegada de Medio Ambiente, D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés, e por outra banda, o Concelleiro do BNG, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada, interrompeu ao Concelleiro do PP, D. José Antonio Rodríguez Fernández.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicoulle ao *Sr. Secretario* que non tiña porque recoller na acta a petición do Sr. Concelleiro non adscrito.

Continuou coa súa exposición, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**.

Despois de ver e estudar o Expediente e dunha rolda de prensa, traían unha Memoria distinta á que se lles entregou. Non entendía porque a documentación ía sen asinar.

A forma de traballar do goberno derivaba neste tipo de Expedientes e nas remesas de facturas das Xuntas de Goberno.

Por alusións, a *Concelleira Delegada de Facenda*, **D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus** pediu intervir para preguntarlle á Sr. Interventora: "*Marta, pedinche na semana pasada cambiar este informe cando o lin, si ou non?*". A *Sr. Interventora* contestou que si. Pero a documentación xa estaba entregada.

Polo que pediu cambiar a documentación antes do Pleno, pero xa lles fora entregada aos distintos grupos políticos.

Explicou que non traballaba no Concello nin tiña dedicación, polo que non tivo o informe antes. Pediu cambiar o informe porque así non lle gustaba nin o ía asinar, e a *Sra. Interventora* díxolle que non había problema por cambialo.

Preguntou se era certo o que estaba a dicir e a *Sra. Interventora* respondeu afirmativamente.

Trouxo ao Pleno a nova Memoria, porque quería aclarar ben o que sucedeu e traer probas ao Pleno.

De novo criticou que se estivese a cuestionar a forma de traballar do seu grupo de goberno cando só durante o último ano do mandato popular, había 8 contratos que foran reparados.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** comentou que en ningún momento negou a historia do seu partido, o PP.

Entón, **D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus** recriminoulle que empregase os argumentos que

empregou para atacala a ela e ao goberno.

Ademais en ningún caso lle pediu o voto ao favor, pero por deferencia ás pequenas empresas de Lalín, considerou que debían absterse.

Interrompendo á Concelleira Delegada, o Concelleiro popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, díxolle que non debía nomear as empresas. Era xestión nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** recriminou a D. José Antonio Rodríguez Fernández que interrompese á Concelleira Delegada de Facenda. O Concelleiro do grupo popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** fixo caso omiso ao aviso do Sr. Alcalde- Presidente e continuou falando.

Polo que, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** chamou á orde por primeira vez a **D. José Antonio Rodríguez Fernández** ante as continuas interrupcións na quenda de palabra da Concelleira Delegada de Facenda.

A continuación procedeu a darlle a palabra ao Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.

O Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** comezou dicindo que debater con D. José Antonio Rodríguez Fernández era algo que sempre lle agradou, polo que lle estrañou o seu comportamento neste Pleno.

Pouco tiña que engadir ao dito pola Concelleira Delegada de Facenda. Era a máis capaz, eficaz e transparente da Historia das Concellerías de Facenda do Concello de Lalín. Considerou que ese era o problema do PP.

Para el o importante era destacar que o mesmo documento que a Concelleira Delegada de Facenda non quixo asinar, foi asinado polo anterior Concelleiro de Facenda do PP, **D. Manuel Gómez**, no seu momento.

Considerou que debían desculpase polas declaracións da prensa e por criticar os reparos suspensivos cando no goberno do PP tamén houbo múltiples casos, cunha media similar á do goberno actual.

A xestión do goberno actual era exemplar e en ningún caso, ao marxe do que dicían os técnicos.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** tomou a palabra. A súa abstención na votación dixo que favorecería que non tivese que recaer sobre o Sr. Alcalde, a competencia de levantar o reparo das facturas que se incluían no Expediente.

Na moción sobre as bandas tivo pouco apoio do goberno para mellorar o seu coñecemento e formación no ámbito da política local. Curiosamente dixo que a el sempre se lle criticou que descoñecese o procedemento administrativo, se ben considerou que a Concelleira Delegada de Facenda era a unha das que tiña máis capacidade.

Parte do seu enfrontamento co Sr. Alcalde foi porque non firmaba moita documentación que recaía na súa *“carpeta”*. Dixo que o Sr. Cuíña o tiña *“atado e limitado”* en torno ás Concellerías nas que estaba e en torno ás súas opinións que eran pouco valoradas.

Agora pedíanlle apoio para o que a el se lle criticou, a falta de firmas, e curiosamente, era el o que debía *“salvar ao Alcalde”*.

Dixo que acababa de recibir un Decreto de Alcaldía que negaba todo o que pedía nunha solicitude e incluso, nalgún tema negóuselle o acceso de xeito reiterado. A el non se lle daban posibilidades de negociación e acercamento. El debía ser *“menos”*, porque debía haber en Lalín *“homes que eran menos”* e outros *“superiores en coñecementos e conceptos”*.

Para levar a cabo as súas mocións tivo que buscar apoios e por iso, quería escoitar a exposición do PP. En base a dita exposición, decidiría o seu voto.

Dende o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** referiuse ao Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada para dicirlle que se consideraba que a práctica dos reparos suspensivos era normal, “*alá vostede*”.

Non entrou na contía, senón na forma de traballar do goberno actual. Os datos dados estaban nas actas das Xuntas de Goberno Local.

O PP foi acusado de falta de comprensión lectora, pero dende o goberno adoeían desa falta de comprensión lectora máis ca no grupo popular.

Máis de 70 facturas no ano 2015, e máis de 200 facturas no 2016 foron reparadas con observacións, e ditas observacións eran recomendacións. Se dende o goberno lalinense continuaban facendo o mesmo, era porque facían caso omiso a esas recomendacións.

Manifestou que ían votar en contra dende o PP. Era un voto en contra da xestión do Goberno, non un voto en contra e de xeito puntual a unha contía, nin en contra de ningunha empresa.

O PP non ía avalar co seu voto este Expediente por ser unha responsabilidade do goberno lalinense.

Trala intervención do Concelleiro do PP, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, levantou a man pedindo a palabra. Pero o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** non lle outorgou unha nova quenda e deulle “*un minuto*” á Concelleira Delegada de Facenda, D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus.

A *Concelleira Delegada de Facenda*, **D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus** referiuse ao dito polo Concelleiro popular, *D. José Antonio Rodríguez Fernández*, para indicarlle que non se estaba a facer un favor ao *Sr. Alcalde* nin ao goberno lalinense, nin se estaba aprobando ou desaprobando a xestión do goberno. Simplemente estaba a xerarse un problemas ás empresas, as que por unhas contías ínfimas ían ter que ir ao Xulgado.

Neste momento, durante a intervención da Concelleira Delegada de Facenda, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** levantouse e achegouse ao *Sr. Alcalde-Presidente*, *D. Rafael Cuíña Aparicio*. Díxolle ao *Sr. Alcalde* que quería falar e negociar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio** indicoulle que se sentase ou que fixese o que quixese pero sen achegarse a el.

O *Sr. Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu entón que constase en acta que só quería negociar.

Continuou coa súa intervención **D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus**. Pedíulle aos Concelleiros do PP que se abstivesen, que non votasen en contra, porque se o vían como unha reprobación, o significado coa abstención ía ser o mesmo e así non facían que as empresas tivesen que ir ao Xulgado por esas cantidades ínfimas. Ademais tamén suporía reprobación aos técnicos que non actuaron de mala fe.

As facturas con observacións eran as de material de librería e íase proceder a iniciar o procedemento de contratación, porque si se facía caso das observacións. As librerías beneficiadas cos gastos eran as de Lalín, de tal xeito que no momento en que se licitase a contratación, polo montante que fose, podían resultar beneficiadas librerías de fóra de Lalín.

Mentres falaba a Concelleira Delegada, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, estaba a facer xestos. O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, pedíulle entón que negociase se quería co *Concelleiro Delegado de obras no casco urbano*, *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*, pero que non falase con el.



Nese intre, **D. Juan José Cruz García** levantouse novamente e dirixiuse a *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*, para falar uns intres con el, mentres a Concelleira Delegada de Facenda continuaba coa súa exposición.

Pechou o debate o *Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* para dicir que cando chegou á Alcaldía, unha das primeiras actuacións que tivo que realizar como Alcalde foi levantar dous reparos froito do goberno anterior, do PP.

Por iso, non ía tolerar lección algunha do Partido Popular porque ademais a transparencia non era unha das súas virtudes.

Coincidía co Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano, en que a actual Concelleira Delegada de Facenda era a máis transparente de toda a Historia do goberno lalinense.

Por iso, resumiu que a nivel de transparencia non había comparación entre o actual goberno e o goberno do PP. Tamén reiterou que tivo que levantar reparos froito do goberno popular.

Recriminoulle que tiñan unha memoria selectiva e que todo iso se demostrou co cambio do pobo lalinense.

Sometidos a votación ordinaria, o Expediente e a proposta da Concelleira Delegada de Facenda, D.<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **NON FOI APROBADO** o Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos N<sup>o</sup> 1/2017.

*Tralo debate deste punto cuarto da Orde do Día, a Sr. Interventora abandonou a sesión plenaria.*

#### **5.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE AO MINISTERIO DE FOMENTO QUE RETOME O PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E REBAIXA DO FIRME DA N-525 AO SEU PASO POLO LUGAR DE A LAXE, NA PARROQUIA DE BENDOIRO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 17 de xaneiro de 2017 co número 332. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de xaneiro de 2017.***

Dende o grupo de goberno, a *Concelleira Delegada de Medio Ambiente, D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés*, dixo que esta moción recollía un proxecto coñecido polo PP porque viña do ano 2007. Explicou con detalle o contido da parte expositiva da moción.

Pediulle a D. Xosé Crespo Iglesias que actuase neste eido, xa que era representante no Senado e Presidente da Mesa de Fomento.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, dixo que facía súas as palabras da Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente e que ía apoiar a moción.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** referiuse a que a técnica do goberno lalinense era de a de facerlle “*oposición á oposición*”, o cal era lexítimo. Pero non lle parecía de recibo que nunha moción, co mesmo contido que xa se votou por unanimidade a proposta do seu grupo facía anos, lle quixesen impoñer deberes a el como Senador.

Recordou que no seu momento, cando el era Alcalde, non arranxou este tema culpando ao PSOE, senón que actuou conxuntamente coa oposición. Pedíralle ao concelleiro socialista, naquel momento *D. Manuel González Aller*, que fose á Demarcación Territorial de Estradas do Estado, sitas en A Coruña e Pontevedra, con el. Porque a pesar de que el era o Alcalde, consideraba lóxico levar con el ao Xefe do Partido Socialista.

Interrompeuno **D. Nicolás González Casares** para dicirlle que máis ben fora ao revés, e o Concelleiro Socialista o levara a el.

**D. Xosé Crespo Iglesias** pediulle que non o interrompese. Recordou que lonxe de facer a guerra e poñer deberes á oposición, foi ver con *D. Manuel González Aller* aos técnicos e explicáronlle o problema.

Anos despois, seguiu facendo xestións neste tema pero non se puido facer por falta de fondos, e primaban outras cuestións como a seguridade viaria.

Estaban de acordo coa reivindicación pero no seu caso, sendo Alcalde foi “*da man coa oposición*”.

Neste caso, non lle pedían actuar conxuntamente senón que lle pedían que actuase na súa condición de Senador. Por iso manifestou que se en lugar de impoñerlle deberes, lle solicitasen a súa colaboración, votarían a favor e a moción sería por consenso. Senón o sentido do seu voto sería a abstención.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, propuxo unha segunda quenda de palabra se o voceiro popular o tiña a ben.

De novo a *Concelleira Delegada de Medio Ambiente*, **D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**, explicou que a parte dispositiva da moción, instaba ao Ministerio de Fomento a retomar o Proxecto de rebaixa do firme e a construción de beirarrúas na N-525 ao seu paso por A Laxe.

A referencia ao Sr. Xosé Crespo facíase na parte expositiva, e non para impoñerlle deberes como el dicía, senón para facer reivindicacións en nome dos veciños e para levar a cabo as promesas que se lle fixeron, tanto por parte do PP como por parte do PSOE.

En política debíase “*tirar todos do mesmo carro*”, non se impoñían deberes como no “*colexio*”. Ademais agora, tamén comezaba a ter un problema de seguridade viaria esta estrada.

Tomou a palabra o *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares**.

Cando este comezou a falar, o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou cantos ían intervir por parte do PSOE, se xa tivera unha quenda a Concelleira Delegada de Medio Ambiente.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que ían intervir os que decidise a Presidencia.

Continuou entón **D. Nicolás González Casares**, para dicir que igual o problema era que non o querían escoitar a el.

De novo o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que no Pleno ía intervir quen decidira a Presidencia.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, pediu que constase en acta esta intervención do Sr. Alcalde, e que a el non se lle permitiu intervir anteriormente.

Retomou a palabra **D. Nicolás González Casares**, para dicirlle ao voceiro popular que mentía, porque quen solucionou o problema no seu momento foi o PSOE. Sendo oposición, si lle poñían deberes dende o goberno lalinense do PP.

No goberno lalinense do Partido Popular, só houbo interese de arranxar o problema de Bendoiro mentres no Goberno Central de Madrid gobernaba o PSOE. Porque dende o goberno lalinense do PP perdeuse o interese cando comezou a gobernar o PP no Goberno Central.

No ano 2010, o *“malvado Zapatero”* intentou buscar unha solución parcial á N-525 ao seu paso polo lugar de A Laxe, por falta de fondos. E esa solución parcial foi a rebaixa do firme. Fíxose a rebaixa parcial porque *“Zapatero era moi malvado pero todas as obras fixéronse con cartos de Zapatero”*.

O único que fixo o PP de Lalín foi *“montar un lío político”* e o PSOE intentou solucionalo.

Non querían impoñerlle deberes coa moción, pero dado que o voceiro popular recorría de xeito habitual, ao seu posto como Senador e as vantaxes que iso ía ter para o pobo lalinense, podía facer actuacións que eran o seu deber como Senador, non como oposición.

Si lle pedían que votasen a favor para reclamarlle ao Ministerio de Fomento que fixese a parte da rebaixa do firme que lle correspondía.

O edil popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** anunciou de novo que votarían a favor se suprimían un parágrafo da parte expositiva da moción. Senón absteríanse, a pesar de que a moción podía aprobarse de todos xeitos polo voto a favor do Concelleiro non adscrito xunto cos do grupo de goberno.

Ante a petición do voceiro popular, a *Concelleira Delegada de Medio Ambiente*, **D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés** dixo que no acordo da sesión plenaria, non se recollía a parte expositiva da moción, senón a parte dispositiva na que se instaba ao Ministerio de Fomento.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** insistiu en que se cambie o parágrafo da moción.

Pediu a palabra o *Sr. Secretario* para dicir que, antes de pasar á votación, se debía deixar claro como era a emenda e cal era a redacción final do texto da moción. Así se fixo.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada polo grupo popular, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por UNANIMIDADE dos asistentes aprobouse a emenda e suprimiuse o parágrafo solicitado na parte expositiva da moción.

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Polo tanto, por **UNANIMIDADE** dos asistentes **APROBOUSE a moción coa emenda incorporada**, co seguinte contido:

As sucesivas actuacións levadas a cabo na estrada Nacional-525 durante os últimos anos, con dotacións de novas capas de rodadura, provocaron que, ao seu paso polo lugar de A Laxe, na parroquia de Bendorio, o nivel da calzada quedase demasiado alto con respecto ás casas de ambas marxes, que permanecen a unha altura considerablemente inferior á do firme. Isto provoca que os residentes veñan sufrindo diversos problemas de habitabilidade, tales como a aparición de humidades ou incluso inundacións no caso de producirse fortes chuvias.

As veciñas e veciños de Bendoiro que residen á beira da estrada N-525 levan unha década reclamando que se rebaixe o asfalto desta vía para paliar os citados problemas provocados pola sobreelevación do perfil da calzada con respecto ás vivendas, sen que polo momento as actuacións proxectadas para a zona solventaran esta situación. Así mesmo, é necesario levar a cabo melloras na seguridade viaria deste treito coa dotación de beirarrúas, xa que se trata dunha zona moi transitada por peóns e peregrinos que se ven obrigados a camiñar polos beiravías co conseguinte risco que isto xera. Isto tamén permitiría soterrar as canles de sumidoiro coas que a veciñanza podería comezar a usar o servizo de saneamento.

No ano 2007 comezou a construción de beirarrúas en A Laxe, pero o proxecto foi paralizado polos propios veciños e veciñas ao considerar que non cumpría as condicións demandadas. Posteriormente anunciáronse novos acordos co Ministerio de Fomento e a Demarcación de Estradas do Estado, que incluían a mellora da seguridade viaria, con dotación de beiravías baixo as que se soterrarían as tubaxes do sistema de saneamento da parroquia e a rebaixa do pavimento nuns 60 centímetros. Non obstante, no ano 2010 dábase inicio a uns traballos de mellora do firme no treito referido que finalmente non contemplaron a diminución do perfil da estrada na cantidade solicitada e tampouco a construción de beirarrúas, o que novamente non contentou aos residentes do lugar, que detiveron as obras e incluso levaron a cabo accións de protesta.

O Alcalde de Lalín naquel momento, José Crespo, culpaba desta situación ao Ministerio de Fomento e, sobre todo, a deputados e a concelleiros do Partido Socialista aos que acusaba de “incumprir os compromisos” e “de rirse dos veciños de Bendorio e enganalos deliberadamente”. Non obstante, os citados concelleiros aos que se acusaba xa se tiñan posicionado publicamente a favor dos afectados, compartindo as súas reivindicacións, como se escenificou na aprobación por unanimidade en setembro de 2010 dunha moción presentada polo Partido Popular na que se solicitaba ao Ministerio de Fomento o cumprimento dos acordos en relación ás melloras da estrada N-525 ao seu paso por Bendoiro. Así mesmo, Crespo aseguraba por aquel entón que de producirse un cambio no goberno central se faría

responsable de que se articulase unha partida orzamentaria para o desenvolvemento das actuacións demandadas polos veciños en Bendoiro.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar ao Ministerio de Fomento a que retome o proxecto para a rebaixa do firme en 60 centímetros no treito da N-525 ao seu paso por A Laxe, incluíndo a construción de beirarrúas que melloren a seguridade viaria deste treito e possibiliten o soterramento das tubaxes que permitan aos veciños e veciñas facer uso do servizo de saneamento.

#### **6.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA DECLARAR PERSOA NON GRATA EN LALÍN AO EXMINISTRO DE DEFENSA FEDERICO TRILLO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro de entrada municipal o día 17 de xaneiro de 2017 co número 333. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 23 de xaneiro de 2017.***

Defendendo a moción, o *Tenente de Alcalde, D. Nicolás González Casares*, explicou que a figura da persoa non grata era unha figura simbólica e diplomática referida ao Dereito Internacional.

Recordou o accidente do Yak-42 do día 26 de maio de 2003, un día de infausta lembranza.

Explicou o contido da moción e xustificou a parte dispositiva da mesma.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* presentou unha moción neste mesmo Pleno, que se incluíu como o punto décimo da Orde do Día, e que versaba tamén sobre a declaración de persoa non grata do Sr. Federico Trillo.

Por iso nesta quenda, explicou o contido da súa moción dicindo que a valoración que dende o seu grupo de traballo se facía da moción para nomear ao ex Ministro Federico Trillo, persoa non grata en Lalín, non era allea ao interese de Rafael Cuíña Aparicio e Nicolás González Casares, de politizar esta cuestión polo seu propio beneficio político.

A cadea de erros que provocou o trágico desenlace e o nefasto tratamento do accidente por parte das autoridades facía trece anos, non o ía xulgar en Lalín, por razóns evidentes de falta de competencia.

O Sr. Alcalde traía a colación este tema por motivos políticos a pesar de que dixese que era por motivos de xustiza histórica.

Preguntou porque non se intentou consensuar esta moción, sobre todo tendo en conta que acudiu con ansia á prensa para publicitala, sen ter consensuado unha maioría para aprobala.

Ademais, non entendía que non se falase este tema con toda a familia nin se levase coa discreción debida. Unha cousa era o castigo dun pobo a unha persoa que non xestionou ben un tema e provocou moita dor a unha familia lalinense, e outra cousa moi diferente eran as ansias de protagonismo e de saír na prensa a vender unha moción que debería estar absolutamente despolitizada de po e palla.

Incluso sería aconsellable tratar con máis sensibilidade este tema por respecto á familia, sen premelos nin incluílos no debate político. Cuestión esta que o Sr. Rafael Cuíña pasou por alto, tanto na súa aparición en televisión como cando cando anunciou na prensa a moción.

Cría que os argumentos políticos a favor ou en contra desta moción, o único para o que servían eran para afondar nunha ferida dolorosa, e ese mal debíanllo á falta de sensibilidade do Sr. Rafael Cuíña Aparicio, que só pensaba no beneficio político.

Se se daba por boa a forma de actuar de D. Rafael Cuíña Aparicio, non entendía como non se podía declarar non grato a figuras como o Sr. Pablo Crespo, vinculado a Lalín pola amizade do ex Conselleiro D. Xosé Cuíña, e vinculado ao PP e a Federico Trillo.

Tampouco entendía porque o feito de nomear esa amizade daba lugar a unha inxusta expulsión do Pleno, e máis tendo en conta que o PSOE de Lalín estaba continuamente recordando as amizades perigosas, como outras amizades perigosas que se recordaron no Pleno.

Polo tanto, nesta moción tamén era evidente o dano que se lle facía a Lalín mencionando a Pablo Crespo.

Pero D. Rafael Cuíña Aparicio escapaba das súas raíces cando lle interesaba politicamente porque só pensaba en clave política.

Non había nada que o inducise a pensar na humanidade de D. Rafael Cuíña Aparicio, nin que evidenciase ese afán axustizador histórico.

En Lalín xa todos tiñan unha opinión formada sobre Federico Trillo polo que non era necesaria ningunha moción.

Pero o que quería facer ver, era que D. Rafael Cuíña Aparicio quería politizar todo polo que se debía ater ás consecuencias, e que non dixese despois que lle faltaban ao respecto ou que fería a súa sensibilidade. Outros tamén tiñan sensibilidade.

Botaba en falta que non se fixesen as cousas no Concello por interese político, de forma natural e porque o pediu o pobo.

Outra proposta podía ser propoñer a algún galardón ao Sr. Cristóbal Fernández que fixo fincapé nas amizades perigosas de certos lalinenses. Pero non se trataba diso.

O seu voto a favor estaba condicionado a que o PSOE o apoiase en todo o que afirmou entre a amizade de D. Pablo Crespo con D. Xosé Cuíña, e a máis que probable amizade de D. Rafael Cuíña con D. Pablo Crespo.

Invitou ao Sr. Alcalde a que o expulsase do Pleno novamente por nomear a D. Pablo Crespo.

Rematou dicindo que non era a Sra. Rita Barberá posto que era D. Juan José Cruz, Concelleiro non adscrito, como moitos concelleiros non adscritos de Galicia.

Trala súa intervención, **D. Juan José Cruz García**, levantouse para achegarse ao Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** e negociar ante o contido da moción presentada polo grupo de goberno e a presentada por el mesmo sobre o Sr. Federico Trillo.

Novamente, como ocorreu previamente na sesión, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulle que non se achegase a el.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que así se evidenciaba a falta de negociación por parte do Sr. Alcalde.

Neste intre, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, propuxo levar a cabo un debate conxunto deste punto da Orde do Día, xunto co punto 10º da mesma relativo á Moción do Concelleiro non adscrito para que se leven a cabo diversas medidas para honrar ao veciño Vicente Agulló e se nomeen conxuntamente persoas non gratas a Federico Trillo e a Pablo Crespo.

Os distintos grupos políticos aceptaron o debate conxunto de ambos puntos da Orde do

Día, polo que a Presidencia anunciou que o debate dos puntos 6º e 10º da Orde do Día era conxunto.

Continuando o debate, o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que dende o punto de vista partidista, era un retrato da política que lle gustaba facer ao goberno lalinense, de restar e dividir.

Traían a Pleno a declaración de persoa non grata, dunha persoa que probablemente merecía unha reprobación pola súa inacción, pero reivindicou que aos membros do goberno lalinense lles gustaba máis saír nos telexornais a nivel nacional que xestionar os problemas e intereses dos lalinenses.

Criticou a argumentación e a defensa da moción do Tenente da Alcalde, e preguntou se dende o goberno falaban coa familia de D. Vicente Agulló para presentar esta moción.

Co voto do seu grupo non querían referendar ao Sr. Federico Trillo, porque a xestión que levou a cabo no caso do Yak-42 foi mala e non admitía dúbidas.

Pero estaba a favor da política en positivo, polo que preguntou que quedaba para o pobo e a familia de D. Vicente Agulló ao final dunha moción coma esta. Non quedaba nada nin para o pobo nin para a familia. Puxo de exemplo de política en positivo que a Carreira do Cocido se chamaba Memorial Vicente Agulló, e agora xa non.

Neste intre, discrepou **D. Nicolás González Casares** porque o nome da Carreira do Cocido xa se puxera no mandato do PP.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta a interrupción do Tenente de Alcalde ao voceiro popular e que non foi amoestado pola Presidencia.

Continuou **D. Xosé Crespo Iglesias** reprochándolle ao goberno que en dous anos non se acordaron de D. Vicente Agulló.

Volveu defender as políticas positivas e activas da memoria das persoas, polo que propuxo uns premios deportivos que levasen o nome de D. Vicente Agulló, de tal xeito que senón o levaba a cabo o goberno, faríano dende o seu partido. Esa era unha política positiva.

Manifestou que dende o PP non ían votar. Nin votarían a favor, nin en contra, nin se ían abster porque non querían participar neste “sarao”. Isto supón, e pediu que senón era así o corríxese o Sr. Secretario, que tecnicamente é abstención e como tal constaría na acta do Pleno; pero en sinal de protesta, dende o seu partido, non ían votar ningunha das tres opcións.

De novo, **D. Nicolás González Casares** tomou a palabra. Recriminou o cinismo do voceiro popular, que era manifesto ao acusar ao seu grupo de goberno de retirar o nome de Vicente Agulló da Carreira do Cocido, cando xa fora o goberno popular o que o fixo no seu día.

E ademais falaba duns premios deportivos co nome de Vicente Agulló que non creou en 15 anos, que pasaron dende o accidente, e que estivo no goberno lalinense.

A pesar de que o Ditame do Consello de Estado refrescou a memoria de todos ao respecto deste tema, o grupo de goberno só levaba dous anos aos mandos do Concello Lalinense.

Pediu que non se tratasen cuestións familiares neste tema, aínda que si se falou coa familia a moción.

A abstención do grupo popular ou o feito de non votar, era por conveniencia política, dado as cuestións que se trataban na moción.

Criticou que non fixese referencia á parte expositiva da moción do Concelleiro non adscrito, que tamén se estaba a debater, porque na mesma, mencionábase o nome do Sr.

Xosé Cuíña de xeito negativo, e dende o grupo popular non se fixo referencia a esa cuestión.

Neste punto **D. Xosé Crespo Iglesias** rebateu o que acababa de dicir o Tenente de Alcalde, polo que o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que D. Xosé Crespo Iglesias estaba interrompendo a D. Nicolás González Casares sen ser amoestado.

**D. Nicolás González Casares** dixo que el permitía ao Sr. Crespo Iglesias interrompelo, sempre que fose para puntualizar datos, as veces que considerase necesario.

**D. Juan José Cruz García** contestou que cría que esa era unha potestade do Sr. Alcalde.

**D. Nicolás González Casares** insistiu en que el permitía que o voceiro popular o interrompese na súa quenda. Seguidamente, continuou coa súa intervención.

Dixo que criticaba que despois da parte expositiva da moción do “*Sr. Concelleiro tráfuga*”, dende o Partido Popular non se fixese ningunha referencia ao contido da mesma que nomeaba a D. Xosé Cuíña.

De novo, **D. Juan José Cruz García**, pediu que constase en acta que para el o cualificativo de tráfuga era un insulto. Ademais ao chamarlo reiteradamente, consideraba que atentaba contra artigos do ROF, mencionados no Informe de Secretaría solicitado no Pleno anterior.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** indicou que o significado de tráfuga estaba moi claro na definición dada pola Real Academia Española.

Volveu a referirse a que dende o PP, non se fixo referencia ao dito polo Concelleiro non adscrito na súa moción. Esperou que posteriormente fixesen referencia á mesma, porque lle parecía increíble que se gardase silencio cando un ex Alcalde deste Concello e ex Conselleiro, xa falecido, se mencionaba dese xeito. Sobre todo porque estaba falecido.

Neste intre, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, preguntou se isto causaba gracia e **D. Nicolás González Casares** recriminoulle a o edil popular, **D. José Antonio Varela Quintela**, que se estivese a rir ante o que se estaba a dicir.

**D. José Antonio Varela Quintela** quixo intervir, interrompendo a **D. Nicolás González Casares**, e este último dixo que non lle permitía interrupcións, só a o voceiro D. Xosé Crespo.

O Tenente de Alcalde continuou dicindo que el nunca mencionou a D. Xosé Cuíña con D. Pablo Crespo, porque o primeiro estaba falecido. Agora ben, que “*D. Pablo Crespo era do PP e que tiña relación con persoas do PP que agora se sentaban na bancada deste partido no Concello de Lalín, era evidente*”, simplemente porque era Secretario de Organización do PP de Galicia. Este dato era coñecido por todos.

Na súa nova quenda de palabra, **D. Juan José Cruz García** dixo que o “*Sr. Rafael Cuíña foi unha persoa que tivo conversas con parte da xente da trama Gürtel*”.

Continuou coa lectura da súa moción, punto décimo da Orde do Día, e fixo referencia á parte dispositiva da mesma.

Considerou positivamente a proposta do PP sobre os Premios Deportivos Vicente Agulló porque este foi un gran deportista.



Pediulle aos membros do PP que reconsiderasen a súa postura porque o Sr. Federico Trillo ía ser nomeado persoa non grata en Lalín.

Manifestou que o seu voto só sería a favor se aceptasen que o Sr. Pablo Crespo fose declarado tamén persoa non grata en Lalín.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que lle daba pena que se estivesen a debater no Pleno estas dúas mocións. Indicou que na primeira quenda de palabra, esqueceu facer referencia á moción do Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García. Obviamente se non estaba de acordo coa moción do grupo de goberno, tampouco estaba de acordo coa moción do Concelleiro non adscrito.

Mostrou o seu respecto pola figura de D. Xosé Cuíña, ao que considerou como “*un grande deste pobo*”. No caso de D. Pablo Crespo, foi unha persoa que estivo traballando no seu partido e a moción do Concelleiro non adscrito ao respecto, estaba provocada pola do grupo de goberno.

Nesta moción ao igual que nas demais, debían negociar ou co PP ou co Concelleiro non adscrito.

A pesar do debate conxunto, dixo de novo que nas votacións de cada moción, non ían votar nin en contra, nin a favor nin absténdose. Estaban en desacordo coas dúas mocións.

Pechou o debate o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*, que manifestou non ter nada que dicir ao respecto do Sr. Concelleiro non adscrito.

Con respecto aos membros do PP, informounos de que falou coa familia de D. Vicente Agulló, que lle deu o visto bo na presentación da moción ao Pleno. Con ela pedían un recoñecemento á dor da familia, e non se acusaba ao PP de Lalín de absolutamente nada, non era un ataque a este partido.

O Sr. Federico Trillo non se desculpou pola cuestión do accidente do Yak-42, a pesar de que outros membros do Goberno Central e do PP, si o fixeron.

No tocante ao tema de D. Xosé Cuíña, considerou que o Concelleiro non adscrito pretendía provocar e faltarlle á memoria ao mesmo. Para el D. Xosé Cuíña era a persoa máis grande da súa historia, en Lalín e no pobo lalinense sobre todo.

Criticou que D. Xosé Crespo Iglesias non defendese con maior énfase a D. Xosé Cuíña. Propuxo votar por separado cada moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, punto 6º da Orde do Día, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG,

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*No momento de realizar a votación, os Concelleiros do Partido Popular, tal como anunciaron previamente a través do seu voceiro, D. Xosé Crespo Iglesias, non se pronunciaron alzando a man en ningunha das tres opcións plausibles de voto.*

Neste intre, o *Sr. Secretario* pediu a palabra pero o Concelleiro non adscrito interrompeuno para pedir a palabra el. O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* indicoulle a **D. Juan José Cruz García** que non tiña a palabra.

Continuou entón o *Sr. Secretario* explicando que ao tratarse dun Pleno ordinario, para proceder á alteración da Orde do Día, debían votar unanimemente e poder así, proceder a

realizar a votación do punto 10 neste momento da sesión plenaria.

Seguidamente, tras interromper ao *Sr. Secretario*, e despois da intervención do mesmo, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* pediu modificar a parte dispositiva da súa moción, retirando o punto primeiro da mesma.

Así mesmo, introduciu un novo punto na parte dispositiva solicitando un Premio Deportivo co nome de Vicente Agulló.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* tomou a palabra pero o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* interrompeuno para pedirlle ao PP que se mantivese co seu voto.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* pediulle entón ao edil non adscrito que non lle complicase a vida e que lle permitise presidir o Pleno axeitadamente. Pregoulle que tivese respecto.

**D. Juan José Cruz García** continuo falando e pediu que falase o *Sr. Secretario* para que lle indicase como podía facer na práctica para modificar a moción como indicou anteriormente.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* indicou que ían continuar coas votacións pero o edil non adscrito manifestou a súa desconformidade e interrompendo de novo ao *Sr. Alcalde-Presidente* indicou que desexaba retirar o punto primeiro da moción e introducir un punto para solicitar Premios Deportivos co nome de Vicente Agulló, así como pedirlle ao PP que mantivese o seu voto. Preguntou se se podía facer tecnicamente.

O *Sr. Secretario* asentiu ante a pregunta formulada e **D. Juan José Cruz García** pediu entón proceder á votación coas emendas incorporadas.

Sometida a votación ordinaria a moción, punto 10º da Orde do Día, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG,

*Abstencións:* dez (10) do PP.

*No momento de realizar a votación, novamente como no punto 6º da Orde do Día, os concelleiros do Partido Popular, tal como anunciaron previamente a través do seu voceiro, D. Xosé Crespo Iglesias, non se pronunciaron alzando a man en ningunha das tres opcións plausibles de voto.*

*Por coherencia á hora da elaboración da presente acta, no punto 10º da Orde do Día, procederase a recoller de novo, a votación co resultado da mesma.*

Polo tanto, por **MAIORÍA** dos asistentes **APROBOUSE a moción** do grupo de goberno para declarar persoa non grata en Lalín ao ex Ministro de defensa Federico Trillo, punto 6ª da orde do día, co seguinte tenor:

A comisión permanente do Consello do Estado emitiu o pasado 20 de outubro, por unanimidade, un ditame no que, por primeira vez, se recoñece a responsabilidade da administración no accidente do Yak 42. Ese documento apunta que o Ministerio de Defensa -entón dirixido por Federico Trillo- non só non fixo o necesario para garantir a seguridade de las tropas, senón que tampouco reaccionou ante os informes que alertaban dos riscos durante os traslados.

O accidente aéreo do Yak-42 aconteceu o 26 de maio de 2003 cando a aeronave se estrelou nunha montaña en Turquía con 75 persoas a bordo. A pasaxe estaba formada por 62 militares, que regresaban a España tras catro meses e medio de misión en Afganistán. Todos eles faleceron -xunto a 12 tripulantes ucraínos e un cidadán bielorruso- no que constitúe a peor traxedia das Forzas Armadas en toda a súa historia en tempo de paz.

Entre os soldados mortos nesta traxedia atopábase Vicente Agulló, veciño de Lalín, o que ocasionou un fondo impacto e consternación na sociedade lalinense. Con todo, o Concello de Lalín soubo responder a este feito e estar á altura das circunstancias para honrar a memoria deste veciño. Sirva como exemplo, a homenaxe que se lle tributou no ano 2003, a decisión de poñerlle o seu nome ao albergue de Mouriscade ou a entrega da Medalla de Galicia aos seus familiares. Nas últimas semanas, e tras coñecerse o ditame do Consello de Estado, a propia Ministra de Defensa, Dolores de Cospedal, pedía perdón aos afectados pola traxedia. Un xesto que foi acollido con agradecemento por parte dos familiares das vítimas, pero que en calquera caso consideran insuficiente.

Neste contexto, o Goberno de Lalín súmase á petición dos familiares dos falecidos para que se faga xustiza neste caso, unha vez que informe do Consello de Estado delimita de forma clara as responsabilidades no accidente do Ministerio de Defensa e do seu entón máximo responsable Federico Trillo, cuxa nefasta xestión nunha traxedia tan grave só serviu para incrementar a dor e o sufrimento dos familiares, amigos e achegados das vítimas.

É, precisamente, co ánimo de intentar contribuír a reparar nunha mínima parte todo o sufrimento causado aos afectados e de dignificar a memoria de Vicente Agulló, polo que **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Instar ao Pleno da Corporación Municipal a que declare como “persoa non grata” ao ex ministro de Defensa, Federico Trillo.

**Segundo.-** Coordinar coa familia de Vicente Agulló calquera tipo de honra que consideren oportuna para lembrar a súa memoria.

## **7.- MOCIÓN DO PP PARA PROMOVER A INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA NO AUDITORIO DE VILATUXE.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 13 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 16 de xaneiro de 2017 co número 250. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de xaneiro de 2017.***

Defendeu a moción a Concelleira popular, ***Dª Raquel Lorenzo Fernández.*** Explicou a

motivación da mesma, dada polo feito de que a calefacción do Auditorio de Vilatuxe estaba obsoleta e era necesaria polo uso reiterado do Auditorio por parte de distintos colectivos, entre eles a Banda de Vilatuxe.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, manifestou que a Banda de Vilatuxe estaba a levar a cabo un traballo pedagóxico, social e cultural increíble e por encima das expectativas, cun apoio económico mínimo. En reiteradas ocasións pediu apoio para este colectivo. Por iso mostrou a súa intención de votar a favor da moción.

Dende o grupo de goberno, o *Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais*, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, tamén mostrou o apoio ao contido da moción.

Dixo que o 17 de novembro de 2016, xa tiveran unha reunión coa Directiva da Banda de Música de Vilatuxe para oír as súas reivindicacións, entre elas estaba a cuestión da iluminación polo que xa se levou incluso un electricista.

Así mesmo tratouse a cuestión das temperaturas no local do Auditorio porque durante o verán tiñan que abrirse as portas a causa do calor, e ademais houbo queixas veciñais por mor do ruído.

No tocante á caldeira, agora presentábase esta moción por parte do PP, porque xa tiveron noticias de que se estaba a tratar dende o goberno.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández** tomou de novo a palabra para dicir que a reunión foi o 11 de novembro, non o día 17 de novembro de 2016.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, díxolle que daba o mesmo o día 11 que o 17 de novembro de 2016.

A edil popular, **Dª Raquel Lorenzo Fernández**, recriminoulle que a interrompese e preguntou “*se tiña algún problema en contra das mulleres*”.

Contestoulle o *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que deixase de dicir “*estupideces*”.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández** dixo que sempre a interrompía cando falaba ela.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que non era verdade porque ela case nunca falaba e non a interrompía.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que o Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio acababa de insultar a Dª Raquel Lorenzo Fernández. Considerou que dicir “*estupideces*” era un insulto.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que el so quixo engadir que o día 11 ou o día 17 era o de menos; que a data exacta a efectos do debate, era indiferente.

**D. Juan José Cruz García** preguntou se o que dicía “*estupideces, era estúpido*”. A edil popular, **Dª Raquel Lorenzo Fernández** contestou afirmativamente.

Por iso, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta esta resposta da edil á súa pregunta, e que o Sr. Alcalde a insultou sen amoestación por elo.

Interviu o *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** para dicir que era *“unha cuestión gramatical, porque dicir estúpideces non era ser estúpido”*.

De novo, **D. Juan José Cruz García**, sendo as 11:11 horas, pediu que constase en acta que D. Nicolás González Casares interviniu novamente sen ter quenda de palabra, e xa o fixo así en reiteradas ocasións.

Pediu que se recollese en acta a pregunta de cantas veces se consideraba que se podía intervenir na sesión plenaria, interrompendo a outros concelleiros, para que iso fose sinónimo de amoestación.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulle a D<sup>a</sup>. Raquel Lorenzo Fernández que continuase e desculpouse con ela pola interrupción.

A Concelleira do PP, **D<sup>a</sup>. Raquel Lorenzo Fernández** agradeceu as desculpas e continuou coa súa quenda de palabra. Dixo que non cuestionou só a data da reunión senón tamén que no mesmo xornal, publicouse que esta cuestión xa se estaba a tramitar. Polo tanto, preguntou que significaba para o Sr. Alcalde tramitar. Tramitar conlevaba levalo a Pleno, a Xunta de Goberno, un Acordo, un Convenio...

Era certo que dende o goberno, xa levaron un electricista, mirouse de colocar o falso teito por mor do ruído... pero criticou que non debía ser só promesas, tiñan que facer máis.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulle á edil popular que, se o tiña a ben, retirase a expresión anterior *“de que tiña algo en contra das mulleres”*.

A Concelleira **D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández** dixo que a retiraría se a deixaba falar sen interrupcións.

O Sr. Alcalde-Presidente e a edil popular chegaron a acordo, e **D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández** retirou a expresión de que o Sr. Alcalde tiña algo en contra das mulleres.

Interviu o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** para dicir que, dende o grupo de goberno, estaban de acordo co PP. Se ben, manifestou que votarían en contra porque xa estaba sendo tramitada esta cuestión.

Querían sacar adiante os temas que afectaban aos veciños.

Explicou que a caldeira se ía colocar no Auditorio de Vilatuxe mediante unha subvención do INEGA e incluso, xa estaba redactada a Memoria por importe de 12.000 euros.

Deste xeito, ademais de ter solucionados xa o tema da luz, a limpeza e o falso teito, coa caldeira solucionaríanse tódalas cuestións que pediu a Banda de Vilatuxe.

Neste intre preguntou o concelleiro popular, **D. José Antonio Varela Quintela** onde estaba a caldeira que citaban na Memoria por importe de 12.000 euros. A Memoria estaba feita pero a caldeira non estaba.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediu que non o interrompese se era tan amable. Despois ía proceder a explicar a Memoria, o Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías, D. Tomás Vilariño Fidalgo.

Produciuse un debate entre **D. José Antonio Varela Quintela** e o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, e este último indicoulle ao edil popular que non

interrompese porque non quería ter que chamalo á orde xa que non tiña a palabra.

Neste momento, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que se produciu novamente unha interrupción.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que xa o interrompeu tres veces a edil popular, D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández. Pero non lle ía preguntar á concelleira, como si o fixo anteriormente ela por unha soa interrupción, se tiña algo en contra dos homes.

De novo aclarou que a Memoria e a caldeira ían ser obxecto de explicación por parte do Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías.

Ademais a Memoria e o traballo xa estaban feitos e ían compracer as peticións dos veciños e da Banda de Vilatuxe.

Tomou a palabra o *Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías*, **D. Tomás Vilariño Fidalgo** para dicir que o PP non tiña porque sabelo, pero si o Concelleiro non adscrito, que cando se presentaron as axudas ao INEGA para o Auditorio de Moimenta, a idea tamén era facelo para o Auditorio de Vilatuxe.

Este era o traballo que se estaba a facer e estaba suxeito á subvención do INEGA, que condicionaría que a caldeira se acabase colocando ou non.

A Concelleira do PP, **D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández** dixo que as subvencións do INEGA saían no mes de febreiro polo que supuxo que as datas para que a caldeira estivese colocada, estaban próximas.

Pechou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** para dicir que todos estaban de acordo, tanto grupo de goberno como os demais concelleiros, para solucionar as peticións da Banda de Vilatuxe.

Reiterou que o grupo de goberno ía votar en contra pero unha cuestión de formas soamente.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Polo tanto, por **MAIORÍA** dos asistentes **APROBOUSE** a moción co seguinte tenor:

O Auditorio Municipal de Vilatuxe, un dos tres dos que dispón o Concello de Lalín, é o centro de referencia da actividade social, cultural e musical da ampla zona de Vilatuxe .

Na actualidade, esta instalación acolle toda a actividade relacionada ca Banda de Música de Vilatuxe, o que supón entre 120 e 130 persoas que ensaian e van a clase de música e que se reparten entre a Escola de Música, a Banda infantil, a Banda Xuvenil e a Banda de Vilatuxe. Un nutrido grupo de persoas que fan case a diario uso das distintas salas do Auditorio.

Ademais, este centro acolle a outra agrupación musical como é a das Pandereteiras e serve de punto de encontro a actividades da Asociación de Veciños de Vilatuxe, e a outros colectivos da parroquia e do entorno que se desprazan ao Auditorio cando as instalacións do Local Social se queda cativo polos números de asistentes ou participantes.

Cunha sala-auditorio principal e 5 aulas, 3 situadas na parte posterior do auditorio e 2 xunto ao escenario, esta instalación conta cun sistema de calefacción de acumuladores eléctricos que despois de case 10 anos da súa posta en marcha quedou obsoleto tanto no consumo como na eficiencia, consumindo unha cantidade importante de recursos que non se corresponden coa confortabilidade que aporta á instalación.

Co paso dos anos e co incremento da actividade, que hoxe en día e case diaria, as necesidades no que a confortabilidade térmica se refire fóronse incrementando, especialmente nas aulas onde ensaian e aprenden os rapaces, e superando as capacidades dos obsoletos acumuladores eléctricos.

A vista do exposto, e tendo en consideración as demandas dos usuarios e especialmente dos pais dos usuarios máis novos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Proceder á instalación dunha caldeira no auditorio municipal de Vilatuxe e ao correspondente sistema de calefacción (para a substitución do sistema de acumuladores) de semellantes características aos instalados no outro auditorio rural de Lalín.

#### **8.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR A COMPRA DE SENLLAS PARCELAS NO NÚCLEO URBANO DE CERCIO PARA A MELLORA DO VIAL EP-6007 E PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PRAZA PÚBLICA.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 18 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 17 de xaneiro de 2017 co número 331. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de xaneiro de 2017.***

Dende o PP, defendeu a moción, ***D<sup>a</sup> María Paz Pérez Asorey.***

Explicou a parte expositiva da moción. Con ela pretendían canalizar as demandas dos veciños residentes na parroquia de Cercio e tamén a petición do Alcalde de Barrio de Cercio.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* non quixo falar na súa quenda.

Seguidamente tomou a palabra, o *Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais, D. Miguel Ángel Medela Dobarro.* Dixo que o pasado día 11 de xaneiro de 2017, dende o goberno tiveron unha reunión cos veciños e nela estiveron tratando a cuestión das parcelas e as beirarrúas, ás que se refería a moción do PP. Na reunión acordouse facer uns proxectos para mandar á Deputación de Pontevedra coa intención de negociar a inversión por parte do ente provincial neste tema.

Recalcou que as tres mocións do PP presentadas neste Pleno versaban sobre cuestións que xa se estaban a tramitar dende o goberno lalinense.

Neste momento produciuse un breve debate entre o Concelleiro Delegado, D. Miguel

Ángel Medela Dobarro e o edil popular, D. José Antonio Varela Quintela.

O *Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais*, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, recriminou que o edil popular sempre o interrompía. Ironicamente fixo “ououououou” para referirse as interrupcións deste concelleiro do PP.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que consideraba ofensiva a expresión “ououououou” que acababa de empregar D. Miguel Ángel Medela para referirse ao edil popular, D. José Antonio Varela.

Producíronse risas entre os Concelleiros e Concelleiras presentes no Pleno.

Neste mesmo momento, o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** chamou á orde por primeira vez ao Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García.

Pediulle tamén ao Concelleiro Delegado D. Miguel Ángel Medela Dobarro que non proferise expresións que desen pé a unha contestación.

Destacou que estaban no Pleno do Concello de Lalín, que era o máximo órgano de representación do pobo de Lalín. Por iso non ía consentir baixo ningún concepto, que os concelleiros e concelleiras tomasen a broma o que votaron os cidadáns.

Pedi, que aquel concelleiro ou aquela concelleira que consideraba que non estaba á altura da responsabilidade que o pobo de Lalín depositou nel ou nela cos seus votos, abandonase o Pleno e a política municipal.

Tiñan que rematar este tipo de actitudes duns e outros. Fixo autocrítica tamén.

O *Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais*, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, pediu desculpas e continuou coa súa exposición. Reiterou que xa estaban tramitando o que se pedía na moción.

De novo, a edil popular **D<sup>a</sup> María Paz Pérez Asorey** dixo que a resposta era a esperada e mostrouse satisfeita co dito polo Sr. Alcalde sobre o Pleno como máximo órgano de representación.

Igualmente, dende o PP **D<sup>a</sup>. Raquel Lorenzo Fernández** indicou que o que buscaban coa moción que se garante a inversión no Auditorio e que se fixese así unha realidade.

Era certo que tiveron unha reunión cos veciños dende o goberno pero criticou o trato dado a certas persoas presentes nesa reunión que estaban vinculadas co PP.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que non era certo que se tratase de xeito distinto aos veciños vinculados co PP e considerou innecesario o que estaba a dicir a edil popular, porque el respectaba a todos os veciños.

**D<sup>a</sup> María Paz Pérez Asorey** explicou a parte dispositiva da moción e mostrouse sorprendida pola intervención do Concelleiro Delegado, Miguel Ángel Medela Dobarro. Cría que o edil se contradecía porque na prensa dixo que se as obras en Cercio se ían acometer con fondos da Deputación de Pontevedra para garantir a menor inversión. Pediu saber cal era esa menor inversión.

Ademais pediu coñecer o que se inverteu ata o momento na parroquia de Cercio.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, dixo que despois da intervención da edil popular, si lle parecía importante ver os proxectos paralelos que se estaban



intentando levar a cabo en Cercio.

Pechou o debate o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio*. Explicou que a reunión en Cercio foi convocada polo Alcalde de Barrio e na mesma, xa se acordou iniciar o Proxecto. Falouse de mercar a vivenda que citan na moción e tamén a praza.

O que dicían os veciños era que as beirarrúas eran prioritarias, e así o cría o goberno.

Manifestou que ían votar en contra porque eran actuacións que tamén se estaban levando a cabo actualmente por parte do goberno lalinense.

A pesar de que este ano se ían recibir menos fondos da Deputación de Pontevedra por cuestións de ratios, a Presidenta da Deputación tiña o compromiso de acometer certos proxectos e este era un deles, as beirarrúas de Cercio.

Se dende a Deputación de Pontevedra non se dese o visto bo a este proxecto concreto, habería a solución de acudir a modificación de créditos e remanentes de tesourería propios do Concello. Pero sempre mirando polos fondos públicos, de tal xeito que non se adquiriría o inmovible ao que chamaban a *antiga Casa de Ismael*, se o valor que se lle dese por el, non fose o axeitado, para “*non tirar cos cartos públicos*”.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Polo tanto, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** a moción co contido seguinte:

O núcleo urbano de Cercio presenta no percorrido da estrada provincial que vai dende A Goleta ata a estrada Lalín-Brantega (EP-6007) un punto complicado para a circulación ao remate do núcleo en dirección á estrada de Brantega, ao lado da Igrexa. Un estrada cun importante tráfico, xa que polos seus 3,960 metros de lonxitude circulan numerosos vehículos que acceden ás parroquias dese entorno.

A chamada antiga casa de Ismael, que na actualidade está abandonada, obrigou, cando se construíu a vía, a configurar a estrada con unha curva sen visibilidade para os que acceden ou saen do núcleo rural e que presenta complicacións para o cruce con vehículos de gran tonelaxe que circulan con frecuencia por esa estrada en dirección á cooperativa de Cercio.

Cando se acometeu a mellora integral deste vial, a mediados da pasada década, a casa aínda se mantiña ocupada polos seus moradores polo que non se puido acometer a rectificación do viario.

Varios foron os veciños que plantexaron nos últimos meses, e ante o crecente deterioro dos inmoables situados nesta propiedade e unha vez as posibilidades de aluguer ou compra se foron reducindo moito, a posibilidade de mercar os inmoables e a finca para derrubar as construcións e adecuar un novo trazado a estrada nese punto que permitise unha maior comodidade ante o cruce con vehículos de gran tonelaxe e unha maior visibilidade para os turismos que se adentran no núcleo rural e que en máis dunha ocasión se atopan con gando ou con persoas camiñando.

A compra desta propiedade, inmoables e parcela, permitiría non só mellorar a seguridade

viaria nese punto senón incluso habilitar no terreo que non se utilice para o cambio do trazado da estrada, unha zona de aparcamento necesario nunha zona tan cercana á Igrexa. Lindante con esta estrada e enfronte da Igrexa de Cercio, atópase unha parcela aberta que hoxe é utilizada, pese a ser de propiedade privada, como aparcamento para os veciños que se achegan a Cercio ou para aqueles que asisten a oficios relixiosos na Igrexa. Unha parcela que sería a ubicación idónea para a construción dunha praza, ca que non conta hoxe a parroquia, e na que se podería ubicar tamén un pequeno parque infantil para a utilización dos nenos do bo número de vivendas que rodean ese enclave.

Tendo en conta o anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Iniciar os trámites para a compra dos inmobles e da parcela da antiga casa de Ismael en Cercio, que na actualidade se atopa abandonada, para proceder á súa cesión á Deputación de Pontevedra co fin de que esta mellore o trazado da estrada EP-6007 nese punto que presenta complicacións circulatorias e de seguridade viaria. O que non fose necesario para a mellora do vial podería ser utilizado para outros usos da parroquia como o citado de aparcamento.

**Segundo.-** Proceder á compra da parcela situada enfronte da Igrexa de Cercio e paralela a EP-6007 para a construción dunha praza pública nese enclave que contemple unha pequena zona infantil.

#### **9.- MOCIÓN DO PP PARA A RECONSTRUCCIÓN DAS PONTES DE CRISTIMIL E SESTELO SOBRE O RÍO ASNEIRO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 18 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 17 de xaneiro de 2017 co número 330. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de xaneiro de 2017.***

O concelleiro popular, ***D. Antonio Rodríguez Rodríguez***, defendeu a moción, explicando o contido expositivo recollido na mesma.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito*, ***D. Juan José Cruz García*** valorou positivamente a moción. Era unha demanda veciñal e por iso considerou axeitado o que se solicitaba.

Manifestou que o sentido do seu voto sería positivo.

Dende o grupo de goberno, o *Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais*, ***D. Miguel Ángel Medela Dobarro***, explicou que xa estiveron cos veciños de Sestelo o día 13 de xullo de 2015 para ver e tratar este tema.

Citou unha noticia en prensa, do ano 2012, segundo a cal, o goberno do Concello, do PP naquel momento, suspendía as obras do vial de Sestelo e Vilar por afectar a dous castros.

Sen embargo, agora no ano 2017 pedía que se recuperasen outra vez estas obras. Isto necesitaba unha explicación por parte dos concelleiros populares.

Había dous informes do ano 2012, e teríanse en conta para mirar este tema. Era necesario falar con veciños para que se cedesen terreos porque eran propiedade privada.

Primeiro habería que pedir permiso a Augas de Galicia para poder actuar sobre a ponte

e despois continuar coas cesións e demais obras para arranxar os viais.

Esta moción, ao igual que as anteriores do PP, pedía cuestións que xa se estaban tramitando dende o goberno actual.

Nunha segunda quenda de palabra, o edil popular **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** dixo que se era necesario facer unha solicitude a Patrimonio e debían facela dende o goberno.

Se o día 13 de xullo de 2015, estiveron reunidos cos veciños en Sestelo, dende esas datas ata o día de hoxe, tiveron tempo de pedir as autorizacións necesarias.

Fixo referencia a un escrito, presentado o día 11 de outubro de 2016, con 224 firmas dos veciños de Prado, Bendoiro e Cristimil, ao cal non se contestou por parte do Concello. Por iso preguntou se xa había algún Proxecto, Acordo ou Convenio ao respecto.

Rematou o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* dicindo que era fácil atopar na hemeroteca declaracións que contradicían o que pedían agora os membros do PP.

Leu as declaracións contidas nun xornal do día 4 de outubro de 2012, que dicían que:

*“Agora o grupo de goberno decidiu que fose a Dirección Xeral de Patrimonio a que determine o trazado da pista e admite que, no caso de manter o Proxecto inicial poderían causarse importantes danos no Castro de Vilar, tal como ocorreu a semana pasada co de Sestelo. Ambas construcións están separadas polo Río Asneiro, e situadas cerca unha da outra.*

*O Departamento Municipal de Obras, que dirixe Antonio Rodríguez, pediu ao Director de Obra José Manuel Rei que elaborase un Informe Técnico, para decidir por onde transcorría a traza do vial sen afectar ao Castro de Vilar.*

*Ademais o Concello contactou en días pasados co Xeógrafo lalinense Antonio Presas, como estudoso castrexo, (o mesmo que votaron en contra a concederlle A Folla De Carballo) asesoramento, unha vez que coñece mellor que ninguén estas construcións lalinenses. Insiste o Concelleiro Antonio Rodríguez, en que non se tocarán fincas que non estivesen cedidas polos veciños de Vilar”.*

O contido da moción parecíalle ben pero evidenciaba as contradicións do PP, porque tan só co contido da noticia do xornal que acababa de ler, era sorprendente que os concelleiros populares presentasen esta moción.

Aclarou que fose realmente necesario acometer as obras de reconstrución das Pontes, estas íanse facer segundo a lei e con total transparencia. Non se farían, desculpando a expresión coloquial e sen chamarllo aos membros do PP, como *“castróns auténticos no rural de Lalín, facendo o que lle da a gana por encima da legalidade vixente”*, de xeito tal que logo había que parar as obras.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* pediu que constase en acta o insulto de *“castróns”* que acababa de dicir o Sr. Alcalde

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* dixo que el non insultou a ninguén con esa expresión e que xa indicou que non o dicía con referencia aos membros do PP.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Dúas das pontes sobre o río Asneiro ao seu paso polo termo municipal do Concello de Lalín, as situadas entre Cristimil e Bendoiro e a que comunica Sestelo en Botos con Vilar en Soutolongo, foron destrozadas e quedaron inservibles, por mor das enchentes invernais, para o paso de maquinaria agrícola e apeiros de labranza e no caso da de Cristimil, que mantén a plataforma, presentando mesmo perigosidade para o paso peonil de veciños, pescadores e mesmo amantes da Natureza.

A invernía do ano 2015 e as choivas producidas na primavera dese ano provocaron importantes danos na ponte que comunica as parroquias de Cristimil e Bendoiro sobre o río Asneiro á que danou tanto a estrutura de soporte como a propia plataforma. Ademais de presentar inestabilidade a estrutura da ponte, que fai inviable o paso de vehículos ou apeiros de traballo, tamén é pouco recomendable o paso peonil, dado que presenta varios afundimentos na propia superficie de paso e rodaxe. Dende o verán de 2015, cando o actual goberno comprobou o afundimento de parte da ponte, colocou unhas cintas e carteis de sinalización de alerta sobre o perigo, aínda que parte de elas xa desapareceron ou se quedaron fora do lugar.

Esta ponte, que foi construída por un particular hai preto de 70 anos e que case dende a súa construción prestou servizo a todos os veciños do entorno, na actualidade era xa parte do camiño de paso que comunica aos dous lados do río as parroquias de Cristimil e Bendoiro e servía de comunicación, de xeito especial, para as tarefas de labranza e paso de maquinaria agrícola para os propietarios de terreos a ambos lados deste sistema fluvial.

Dende a caída de parte da estrutura da ponte, os veciños afectados de ambas parroquias, co compromiso do propietario de facilitar a cesión dos terreos necesarios para a reconstrución da ponte e a rehabilitación do camiño que comunica ambas marxes e que da servizo aos veciños, presentaron senllos escritos no Concello, con rexistros 5.466 e 7.220 do ano 2015, para que se procedese a reconstrución da ponte.

En outubro do pasado ano 2016, os veciños afectados remitiron ao Concello unha recollida de sinaturas que contemplaba a petición de 224 asinantes nas que solicitaban a reposición da ponte e a rehabilitación do camiño de comunicación de ambas parroquias. Tanto aos escritos como ás sinaturas, os representantes do goberno municipal contestaron coa súa inacción e sen contemplar as peticións veciñais.

Os propios veciños explicaban, nos seus escritos, que a posta en servizo de novo da ponte suporía a redución da distancia entre ambas parroquias a 1,7 km, cando na actualidade é o dobre, e permitiría o mellor mantemento das amplas zonas de arborado (especialmente frondosas de alto valor ecolóxico autóctono como carballos e castiñeiros) como ás que se accede por medio desta ponte e do camiño que comunica as marxes. Tamén apuntaban, ademais de servir aos veciños, á importante cantidade de amantes da Natureza e deportes como a pesca, a caza ou o sendeirismo que utilizaban a ponte para moverse por ambas marxes do río Asneiro.

Situación semellante, aínda que co derrubo producido con anterioridade, é a que concorre na ponte que comunica Sestelo con Vilar, nas parroquias de Botos e Soutolongo, que permitía o paso de veciños de Botos aos predios da outra marxe do río Asneiro. Dende a caída, o goberno municipal do PP abriu o camiño dende o vial Sestelo- Ribeira ata as proximidades da ponte e iniciou as negociacións cos veciños de Vilar para facer o propio dende o núcleo deste lugar de Soutolongo ata as marxes do río, conseguindo parte dos terreos e pendentes de negociar a outra parte.

Tendo en conta o anteriormente exposto é polo que, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Que o goberno municipal elabore un proxecto para a reconstrución das pontes de Cristimil e Sestelo sobre o Río Asneiro que contemple a adecuación dos camiños que acceden a ela.

**Segundo.-** Que o goberno municipal contemple unha partida do Plan Concellos 2017 á reconstrución das devanditas pontes e dos seus camiños de acceso tal e como solicitaron os veciños das parroquias afectadas.

**10.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA QUE SE LEVEN A CABO DIVERSAS MEDIDAS PARA HONRAR AO VECIÑO VICENTE AGULLÓ E SE NOMEEN CONXUNTAMENTE PERSOAS NON GRATAS A FEDERICO TRILLO E A PABLO CRESPO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción de data 13 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 13 de xaneiro de 2017 co número 234. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 23 de xaneiro de 2017.***

O debate desta moción levouse a cabo conxuntamente co punto 6º da Orde do Día, se ben, por coherencia na elaboración da presente acta, recóllese neste punto a votación da mesma, que se realizou de xeito separado.

*Na parte dispositiva da moción pedíase:*

*1- Propoñer ao pleno do concello de Lalín, xa que Pablo Crespo é unha personaxe nociva para Lalín, por canto que a súa amizade con lalinenses segundo sinalou repetidas veces o PSOE de Lalín prexudicou a fama e a honorabilidade do noso pobo, que se nomeen conxuntamente persoas “non gratas” a Federico Trillo e a Pablo Crespo, o que foi amigo de Xosé Cuíña, fillo ilustre de Lalín.*

*2- Propoñer ao pleno do concello de Lalín que se “bautice” unha rúa de Lalín co nome de “Vicente Agulló”, porque sen dúbida o seu sacrificio faino merecente desta honra e por considerar que desta maneira o pobo terao sempre presente como homenaxe póstumo do agradecido pobo de Lalín.*

*3- Propoñer ao pleno do concello de Lalín e ao seu alcalde que se dinamicen as conversas coa RTVG e coa Banda de Vilatuxe para que se ambas institucións e máis a familia poden, queren e ou consideran oportuno se realice a gravación da marcha “Vicente Agulló” cos mellores medios técnicos que se dispoñan na actualidade.*

*4- Propoñer ao pleno do concello de Lalín e ao seu alcalde que se mellore a sinalización do albergue Vicente Agulló, coa colocación de sinais no cruce da estación de tren dirección Vilanova, na rotonda de Botos (A Estación) PO534 no cruce da PO902 con pista a Mouriscade (Vilanova), nas inmediacións da finca de Mouriscade.*

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, propoñente da moción, introduciu como emendas, en primeiro lugar retirar o punto primeiro da moción e, en segundo lugar, introducir un punto para solicitar Premios Deportivos co nome de Vicente Agulló.

Sometida a votación ordinaria a moción, punto 10º da Orde do Día, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor*: un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra*: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións*: dez (10) do PP.

No momento de realizar a votación, novamente e ao igual que xa fixeron á hora de votar o punto 6º da Orde do Día, os Concelleiros do Partido Popular, como anunciaron previamente a través do seu voceiro, D. Xosé Crespo Iglesias, non se pronunciaron alzando a man en ningunha das tres opcións plausibles de voto.

Polo tanto, por **MAIORÍA** dos asistentes **REXEITOUSE a moción** do Concelleiro non adscrito para que se leven a cabo diversas medidas para honrar ao veciño Vicente Agulló e se nomeen conxuntamente persoas non gratas a Federico Trillo e a Pablo Crespo.

#### **11.- MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOBRE OS REMANENTES DA GALA DO COCIDO.-**

A Presidencia deu conta da presente moción por urxencia, de data 20 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 24 de xaneiro de 2017, co número 527. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao contido da mesma.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, propoñente da moción, pasou a motivar a urxencia da mesma ante a petición da Presidencia de que así o fixese para poder votala na sesión plenaria.

Xustificou que era urxente a moción, pola necesidade de que se cambiase o destino dos investimentos que se ían adicar á realización da Gala do Cocido.

Sometida a votación ordinaria a URXENCIA da moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor*: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra*: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións*: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **RATIFICOUSE a URXENCIA da moción**.

Seguidamente pasou a defender a moción o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**. Comentou que cando estaba no Goberno como Concelleiro, resultoulle difícil facer a súa labor nas Delegacións que tiña atribuídas porque se invadían as súas competencias.

Con esta moción pretendía demostrar que non había interese de diálogo por parte do Sr. Alcalde, ao que criticou xunto co grupo de goberno polas xustificacións que lle daban cando era concelleiro e propuña actividades.

No Pleno anterior propuxo levar a cabo a Gala do Cocido no estudio de televisión de Luar para minimizar recursos. Dirixiuse á TVG coa súa idea e aceptada esta, os investimentos que non se ían empregar dende o Concello para realizar a Gala do Cocido coma nos anos anteriores, debían destinarse a outras cuestións.

Xa cando formou parte do goberno lle parecía importante dinamizar o ocio, que era a súa concellería. Por iso pretendía *“dinamizar a pé de rúa, con pequenas cousas e en momentos, onde a Economía, pódese aproveitar máis pola meteoroloxía”*.

Pediulle que cos remanentes da Gala do Cocido, nos servizos sociais se intentase aumentar o número de prazas e se deseñase un plan que mellorase o transporte universitario.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** engadiu con ironía, que era certo que se levou a cabo unha reunión con persoas da TVG que manifestaron a falta de interese en realizar a Gala do Cocido no estudio de Luar. Sen embargo, *“un concelleiro de Lalín, amigo persoal de Gayoso, chamou e gracias a iso cambiou todo”*.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** pediulle que constase en acta, que consideraba subxectivamente que *“ese comentario era propio dun Circo”*.

Tomou a palabra o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** que manifestou que a Gala do Cocido non se celebraba pola xestión interesada por parte de xente de Lalín.

Constáballe que dende o goberno, querían celebrar a Gala do Cocido pero tamén, lle constaba que puxeron de manifesto que se non chegaba a celebrarse, non importaba. Era un trato pexorativo.

A solución conseguida non lle parecía correcta. A Gala do Cocido reportaba beneficios, non só a nivel de repercusión mediática, senón tamén de carácter económico: na hostalería, restaurantes, tanto a través do equipo propio da Gala como dos visitantes doutras zonas que acudían á mesma ese día.

Por iso valorou a Gala do Cocido positivamente e pediulle que no próximo ano se levasen a cabo as xestións para que a Gala se celebrase de novo no Lalín Arena.

Con respecto á moción do Concelleiro non adscrito, dixo que podían estar de acordo con respecto a algúns dos argumentos, pero co reparto dos remanentes da Gala do Cocido que establecía a moción non estaban de acordo.

Había que pactar o reparto dos fondos e non se fixo, e cos que establecía o Concelleiro non adscrito na moción non estaban de acordo. Por iso manifestou que o seu voto sería a abstención.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que dende o grupo de goberno non ían intervir porque non tiñan nada que dicir.

Comezou pois a segunda quenda de palabra, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** e pediulle ao grupo de goberno, que coñecendo a abstención do PP, comezase unha nova toma de contacto para falar e debater as demandas do pobo de Lalín.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dicindo que como sabía todo o pobo de Lalín, senón había Gala, *“gustase máis ou menos no goberno, era por unha decisión dun ente lexitimado para iso e cuíños membros eran designados politicamente polo PP”*.

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recoñeceu que a el o informaron, antes incluso que ao goberno de Lalín, de que non ía haber Gala.

Se non se celebraba a Gala en Lalín era porque non quería a TVG, a pesar de agradecer a solución dada ao respecto de facer a Gala no estudio do Luar.

Por iso, se se perdían beneficios económicos a causa de que non se celebrase a Gala en Lalín, era *“por unha decisión dun ente político manexado (no mellor dos sentidos) e dirixido (no peor dos sentidos) polo PP de Galicia”*.

Propuxo realizar a votación.

Por alusións ao seu partido, neste momento, o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non estaba de acordo con proceder agora á votación. No debate o grupo de goberno non quixo intervir, e agora para pechar o debate o Sr. Alcalde-Presidente referíase ao PP. Pediu respecto.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que cando fora Alcalde, facía o mesmo para pechar os debates. Se ben ía deixar que interviñese novamente, sempre e cando, fose breve.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que dende o goberno lalinense sempre estaban *“sementando lixo sobre os demais”*, de tal xeito que todo aquilo que pasaba positivo no Concello de Lalín, *“incluso se chove ou raia o sol”*, era gracias ao goberno.

**D. Nicolás González Casares** indicou que o estaba a dicir o voceiro popular, debía referilo mellor a **D. Mariano Rajoy**, xa que este dixo que *“se chovía, baixaría a luz, e choveu”*.

Neste preciso instante, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que non tiña nada que ver no debate a luz, nin tiña nada que ver o Sr. Mariano Rajoy no debate. Pediu tamén que constase unha nova interrupción por parte do Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares**.

Continuou **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicando que as cousas positivas que pasaban no pobo de Lalín eran mérito do goberno lalinense, tanto *“se chove como se raia o sol”*.

Mentres se pasaban cousas negativas eran cousa do PP.

Defendeu que o Conselleiro **D. Román Rodríguez** non tivo nada que ver en se a Gala se celebraba ou non.

A xestión era competencia do goberno lalinense. Cando el foi Alcalde tamén tivo problemas para realizar a Gala pero non lle deu opción a que se lle enviase unha carta negativa.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** contestoulle que el non estivo esperando por ningunha carta, e que fixo as xestións pertinentes para que a Gala se celebrase.

Cría que o que máis lle doía ao PP, era que unha elevada porcentaxe do pobo de Lalín sabía que non se celebrou a Gala foi porque, *“en termos coloquiais, o PP non quixo”*. O pobo de Lalín tiña claro que *“por cuestións políticas, ao PP non lle deu a gana de que estivese aquí a Gala”*.

Estaba de acordo en que había que retomar as negociacións para que no próximo ano, fose posible celebrar a Gala.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non se referise ao pobo de Lalín, porque o que o



estaba falando era el.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que como Alcalde representaba ao pobo, e polo tanto podía falar por el. Estaba claro que non había Gala porque o PP non quixo.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que igual era porque o Alcalde non era competente para facer todas as xestións que fixo el cando foi Alcalde.

Sen máis debate, o Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** deu paso á votación.

*Na parte dispositiva da moción pedíase:*

*Que cos cartos que aforramos ao non vir a TVGA facer a Gala do Cocido a Lalín esa partida de 35.000 euros aproximadamente (máis outras que poidan vir no futuro) sexa dirixida as seguintes actuacións:*

*Servizos sociais (15.000 euros): instar á concellería de servizos sociais a facer un programa ou proxecto de transporte universitario con descontos superiores aos que existan facilitando ampliar o número de usuarios.*

*Bule Lalín en Agosto (15.000 euros): instar ás concellerías de festas, feiras, ocio e xuventude a realizar un plan de dinamización para a nosa maltreita hostalería (en agosto e ou xullo) con pequenas actuacións a pé de rúa que dinamicen a hostalería do pobo, ( recordo xa se van gastar moitos cartos no cocido do orgullo), demandamos introducir na programación a Foliada no casco urbano ( en consecuencia instar a pedir á Consellería de Cultura da Xunta a subvención á que se concursou nos dous últimos anos.*

*Dinamización cocido a pé de rúa(5.000 euros) para potenciar os cantos de taberna; dinamización con charangas locais ou actividades complementarias (actividades con facilidade para desprazarse polo pobo, o venres e sábado do cocido segundo se crea oportuno.*

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **REXEITOUSE a moción por urxencia** do concelleiro non adscrito sobre os remanentes da gala do cocido.

**12.- MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA QUE SE REALICEN AS OBRAS DE ALCANTARILLADO E SANEAMENTO NECESARIAS NAS PARROQUIAS DE CADRÓN E BOTOS.-**

A Presidencia deu conta da presente moción por urxencia, de data 25 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 26 de xaneiro de 2017, co número 592. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao contido da mesma.

Primeiramente, ante a petición da Presidencia, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, propoñente da moción, pasou a motivar a urxencia da mesma. Dixo que para acometer estas obras por medio da Deputación de Pontevedra, e dado que había prazos establecidos, consideraba urxente esta cuestión coa que trasladaba inquedanzas dos veciños do pobo.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediu intervir para dicir que a familia Agulló lle acababa de mandar unha comunicación de felicitación pola decisión adoptada polo Pleno da Corporación de Lalín en relación ás mocións dos puntos 6º e 10º da Orde do Día, relativas á declaración de persoa non grata do Sr. Federico Trillo.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, pediu que constase en acta que a mensaxe da familia Agulló, da cal acababa de falar o Sr. Alcalde, non tiña nada que ver coa moción da que se estaba a falar neste momento.

Sometida a votación ordinaria a URXENCIA da moción, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **RATIFICOUSE a URXENCIA** da moción.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, propoñente da moción, explicou o contido da mesma.

Pretendía propoñer mocións deste tipo para priorizar as necesidades do pobo.

Aclarou que na parte dispositiva, non constaba Vilamaior porque no seu momento, así llo recomendaron os técnicos. Pero agora decidiu introducir mediante emenda, "*Vilamaior*" entre as zonas da parroquia de Botos que constaban na parte dispositiva da moción.

Explicou que si estaba na parte expositiva, pero non na parte dispositiva da moción, a palabra íntegro. Pediu que, como emenda, constase no acordo o seguinte: "Que se elaboren un ou varios proxectos que contemplen o *saneamento íntegro*". A finalidade era que ningún veciño quedase sen a posibilidade de conectarse a esta rede de saneamento.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que lle parecía correcta esta moción que pedía o alcantarillado de dúas parroquias en concreto, de Botos e de Cadrón. Dende o seu grupo estaban de acordo con tódalas obras que se pedisen dende calquera grupo político.

Explicou que lle deu copia da moción que presentaba o seu grupo por urxencia, ao Concelleiro non adscrito previamente ao inicio do Pleno, para que lle prestase o seu apoio á hora da votación da mesma e poder negociar con el.

Recriminou o trato que dende o goberno lle deron ao seu grupo, con respecto ás negociacións no tocante aos remanentes para acometer obras, e o feito de que posteriormente se lle dixese aos veciños que as obras non se levaban a cabo "*por culpa do Partido Popular*".

Por iso, dende ese momento, decidiron que calquera obra que se propuxese no Pleno,

votarían a favor, e logo xa se vería como a levaban a cabo dende o goberno.

Dende o PP, non se ían opoñer á acometida das obras que se propuxese por calquera grupo político, para que non se lle dixese aos veciños que as obras non se levaban a cabo “*por culpa do Partido Popular*”.

Manifestou que o seu voto sería a favor da moción, porque ademais, un dos seus “*proxectos estrela*” nas últimas eleccións, eran o saneamento e os sumidoiros nas zonas rurais.

Nunha segunda quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, continuou co exposición da moción.

Pediu o apoio do grupo de goberno para sacar adiante a moción e prestou a súa colaboración para os proxectos, o debate e a posta en común de diferentes proxectos que se creasen para sacar adiante propostas cos veciños e que así, se cumprisen coas promesas que se lle fixeron aos mesmos.

Rematou o debate o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio*.

Con respecto á intervención do Sr. Concelleiro non adscrito, dixo non ter nada que contestar, se ben agradeceu a súa intervención.

No tocante ao dito polo voceiro popular, D. Xosé Crespo Iglesias, dixo que podían chegar a acordo sobre as obras que eran necesarias.

Criticou que despois de que se eliminasen as plusvalías pola proposta do PP e de que dende este partido, impedisen que se levasen a cabo obras no ano pasado que repercutisen este ano na regra de gasto, se reducían as posibilidades de que puideran acometerse as obras que todos crían necesarias.

Pediu responsabilidade para non impedir que obras que todos querían facer, puidesen levarse a cabo por razóns de ingresos, xa que por mor de eliminar as plusvalías había 400.000 euros menos de ingresos pola regra de gasto. Así resultaba moito máis complicado levar a cabo inversións.

Por iso, pediu non minguar as posibilidades de conseguir ingresos para facer actuacións para favorecer aos veciños.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **APROBOUSE a moción por urxencia**, co contido seguinte:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece como competencia propia do concello o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e o tratamento das augas residuais e a protección da salubridade pública. Concretamente, deberán prestarse de maneira obrigatoria, segundo se dispón no artigo 26 da mesma lei, os servizos de alcantarillado e tratamento de residuos en todos os municipios.

Durante a campaña electoral e na época de goberno, sendo eu membro do mesmo partido que o alcalde, acudimos en repetidas ocasións a estas parroquias para coñecer as súas necesidades e entre elas se nos fixo saber a necesidade de realizar as obras de

saneamento indispensables para dotar de alcantarillado ás aldeas desta parroquia.

Tras as eleccións e constituído o novo goberno, como concelleiro deste grupo de goberno intentei en repetidas ocasións recordarlle ó señor alcalde as necesidades existentes nas parroquias de Cadrón e Botos e o compromiso adquirido cos veciños en forma de promesa electoral, se ben fun repetidamente ignorado polo señor alcalde, o que me ocasionou problemas coa veciñanza, xa que, con toda a razón, esixían o cumprimento da promesa de investimentos recibida polo señor alcalde (investimentos por outra parte con carácter de servizos básicos, moi demandados polos veciños e sen dúbida moi necesarios). No caso da parroquia de Botos falta o alcantarillado do seguintes lugares: Sestelo, Ribeira e Vilar que se podería canalizar para a mesma depuradora que tamén habería que construír aparte da rede; Somoza e Ateán que podería conectarse no Reguengo á rede existente e Padrón que necesitaría un bombeo á estrada Lalín-Vilatuxe, co que quedaría completado o alcantarillado integral da parroquia de Botos. No caso de Cadrón, non ten alcantarillado en toda a parroquia, polo que habería que proceder a instalar unha depuradora cos correspondentes bombeos, construíndo a rede de sumidoiros nos lugares de Lamas, Cadrón e Castelo.

Por outra parte, unha vez que quedou patente, tras máis de ano e medio no goberno (e tres exercicios económicos diferentes), que o alcalde non ten intención de cumprir a súa palabra, véxome na obriga de presentar esta moción para que os veciños de Cadrón e Botos poidan dispoñer dun servizo básico de competencia municipal e que debe prestarse obrigatoriamente.

Tendo constancia de que no exercicio actual abriuse a convocatoria do Plan de Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra, no que o concello pode xestionar aproximadamente un millón e medio de euros, consideramos oportuno, conveniente, necesario e urxente solicitar que se realicen estes investimentos mediante a realización dos correspondentes proxectos de rede e depuradoras de alcantarillado para os núcleos das citadas parroquias de Cadrón e Botos que se financiará con cargo ó Plan Concellos 2017.

Neste punto, cabe recordar que o señor alcalde se encargou de facernos saber a todos que ten o compromiso da Deputación de Pontevedra para realizar outros investimentos en Lalín fóra do Plan Concellos, polo que ademais das prioridades sinaladas e doutras que poidan acollerse a este Plan, entendemos que as que queden fóra poderán financiarse con eses fondos que o alcalde garantiu que van vir para Lalín.

En base ó exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Elaborar un ou varios proxectos que contemplan o saneamento íntegro dos lugares de Sestelo, Ribeira, Vilar, Somoza, Padrón, Vilamaior e Ateán da parroquia de Botos e tamén os lugares de Lamas, Cadrón e Castelo na parroquia de Cadrón.

**Segundo.-** Solicitar á Deputación de Pontevedra que se inclúan as referidas actuacións de depuradoras e rede de sumidoiros citadas no punto anterior con cargo ó Plan de Concellos 2017.

**13.- MOCIÓN POR URXENCIA PP PARA INCORPORAR AO PLAN CONCELLOS 2017 AS DEPURADORAS DE VILATUXE E PRADO, AS PONTES DE CRISTIMIL E SESTELO E OS VIAIS PROPOSTOS POLO PP QUE NON SE INCORPORARON ÁS OBRAS DOS REMANENTES DE 2015.-**

A Presidencia deu conta da presente moción por urxencia, de data 24 de xaneiro de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 27 de xaneiro de 2017, co número 616. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao contido da mesma.

Ante a petición da Presidencia, dende o PP, grupo propoñente da moción, **D. Xosé Crespo Iglesias**, xustificou a urxencia da moción, que viña dada porque o Plan do Concellos (publicado no BOPPO número 249, de data 30 de decembro de 2016) tiña un prazo de tramitación administrativa de 3 meses, dos cales xa transcorreu na data da presente sesión plenaria, un mes. De esperar ao próximo Pleno, sería un punto ordinario da Orde do Día pero a tramitación estaría fóra dos 3 meses de prazo.

Sometida a votación ordinaria a URXENCIA da moción, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **RATIFICOUSE a URXENCIA** da moción.

Dende o grupo popular, o voceiro **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que nesta moción non falaban de fondos municipais, senón de fondos da Deputación a través do Plan Concellos e polo tanto, pedían estas obras con cargo a dito Plan e non con cargo a remanentes nin a fondos do Concello.

Presentaban a moción por vía de urxencia para incorporar unha serie de obras ao Plan Concellos 2017. Ademais presentábase con tempo para que se incorporasen os Proxectos que fosen necesarios e que o goberno non dixese que non se tramitara por falta de tempo.

Criticou que, dende que no grupo de goberno se tivo coñecemento do remanente, tardouse un mes en levalo ao Pleno. Ademais foi levado ao Pleno sen pactar nada con ningún outro grupo político. Ademais nese momento que se levaron á sesión plenaria, xa non estaba no goberno, D. Juan José Cruz García. Por iso, era determinante pactar ou con D. Juan José Cruz García ou co PP.

Non se levou a cabo negociación algunha por parte do grupo de goberno, motivo polo que xustificaban o voto en contra por parte do grupo popular. Despois diso tardouse outro mes máis e chegouse a un acordo. Polo que se atrasou un mes porque non se negociou co PP antes.

Dende que se publicou ata que se acordou, dende o goberno puideron ter feito outro tipo de xestión.

Agora o goberno dicía que para o ano ía haber 400.000 euros menos de inversión porque o PP votou en contra. Iso era radicalmente falso porque cando souberon que tiñan ese remanente, se sentaran a negociar co PP en lugar de levar ao Pleno unha proposta unilateral, chegaríase a acordo un mes antes do que se chegou.

Evitar que sucedese o mesmo que cos remanentes, era a motivación desta moción por urxencia. Se dende o goberno non se negociou, nin co PP nin co Sr. Concelleiro non adscrito, nun mes que levaba publicado o Plan Concellos, era necesario presentar esta moción para evitar que non se negociase con eles.

Con esta moción obrigábase ao goberno a negociar con eles.

A continuación, xustificou o contido dispositivo da moción e as obras solicitadas na mesma.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* agradeceulle ao PP que se puxesen en contacto con el para negociar.

Esta proposta parecíalle coherente.

Con respecto ao solicitado na moción sobre as depuradoras nas parroquias de Vilatuxe e Prado, neste Pleno *“escoitou de boca do Sr. Alcalde que era algo prioritario”* e polo tanto, non había nada que falar ao respecto.

No tocante ás Pontes de Cristimil e Sestelo dixo que estaba de acordo, porque sobre todo a depuradora de Sestelo era importante para o seu sector máis próximo.

En relación ás obras de mellora en viais referiu que tiña propostas tamén para estas pistas, que non puideron levarse a cabo e polo tanto, apoiando esta moción estaba a resarcirse.

Pediú desculpas, se nalgún momento, non se entendeu ben que para el D. Xosé Cuíña *“foi bo para Lalín”*. Tiña a esperanza de que Rafael Cuíña tivese aprendido dos posibles erros de seu pai, que tivo como calquera persoa. Considerou que as cousas negativas *“que mamou na casa”*, as extrapolaba ao goberno do Concello de Lalín e tiña que evidencialo e críticoalo.

Dende o grupo de goberno, falou a *Concelleira Delegada de Medio Ambiente, D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés*. Dixo que gobernar significaba que había que priorizar, polo que ía falar sobre todo, das depuradoras. A maioría estaban en moi mal estado, e por tal motivo, foi elaborada unha Memoria, a cal se lle entregou ao Delegado Territorial da Xunta de Galicia para que soubesen a situación na que estaban as depuradoras do Concello de Lalín.

Pola inversión económica que supuñan as depuradoras, ao ter a Memoria coñecían cal era máis urxente e onde estaban os problemas. Urxentes eran todas pero priorizando, urxía máis a depuradora de Prado, á que se refería a moción, ou a da Xesta.

Sen embargo, ao intentar solucionar esta cuestión das depuradoras, aparecía outro problema, que eran as cesións de terreos ao Concello.

Ademais tamén se estaban priorizando que fosen depuradoras ecolóxicas e que así, Augas de Galicia non puxese dificultades.

Sobre a depuradora de Vilatuxe, a outra á que se refería a moción, dixo que non estaba en bo estado e había que traballar nela. Xa se fixeron arranxos de feito, pero había outras que estaban en peor estado e que tiñan prioridade.

O voceiro popular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, dixo que non era lóxico que o grupo de goberno pretendese, que nos anos de goberno do PP, quedase todo feito. Repetiu que no último proceso electoral, o seu *“proxecto estrela”* ía ser o saneamento e ía a ocupar máis do 80% da inversión total dos catro anos de goberno.

O saneamento era a eiva máis grande do goberno lalinense mentres el foi Alcalde, xa que polo demais, as zonas rurais non presentaban problemas.

Esta eiva era debida a que o saneamento era unha gran dificultade en Concellos como Lalín, polo feito de que non era o mesmo dar servizo a 20.000 habitantes repartidos en 348 núcleos rurais dispersos, a darlle servizo a 20.000 habitantes en zonas como Cangas, que contaba cunha superficie de 30.000 quilómetros cadrados. A dispersión poblacional das zonas rurais e o alto custe do saneamento, era o motivo de que se presentasen eivas.

No tocante ás cesións de terreos dixo que había que negociar cos particulares ou ben, expropiar se fose necesario. Dende o PP estaban dispostos a prestarlle apoio ás expropiacións, no caso de que fose necesario unha depuradora nesa zona.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** non quixo unha segunda quenda de palabra.

Interviu **D. Nicolás González Casares**. Criticou que presentaran a moción por urxencia para pedir a depuradora de Prado cando xa se estaba redactando o Proxecto.

Había o problema de que agora non aparecía a cesión da titularidade dos terreos onde estaban as depuradoras, o que xeraba moitos problemas á hora de renovalas. Isto ocorría tamén no caso da depuradora de Prado.

Dende o PP fixeron moitas cousas por encima da Lei, incluso informes sectoriais. Ademais omitían os permisos de Patrimonio. Polo que preguntou se no Museo Ramón María Aller ou no Muro de Doade, lle pediron permiso a Patrimonio. Pediu colaboración aos concelleiros do grupo popular para localizar esa documentación, se a había.

No relativo á depuración das augas tamén tiña moito que dicir a Xunta de Galicia.

Ademais tamén se lle podía pedir á Deputación de Pontevedra que subvencionase estas actuacións, e solicitar as subvencións era unha competencia do Sr. Alcalde.

**D. Xosé Crespo Iglesias** matizou que non lle pedían nada ao Sr. Alcalde, senón ao Pleno da Corporación.

Pediu o *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que constase en acta que dende o goberno, ían cumprir os acordos co PP.

Continuou **D. Nicolás González Casares** para dicir que nas baixas da Rolda Leste, a Rúa 4 de Lalín que pedían na moción, estaba a facerse a separata porque estaba nunha zona común.

Se ben dixo que o seu grupo era o goberno e facía as súas políticas, aínda que estaba de acordo coa política de depuración de augas e saneamento que estaban a facer.

**D. Xosé Crespo Iglesias** criticou que en ano e medio de goberno non fixeron saneamentos.

**D. Nicolás González Casares** dixo que non era verdade, que xa se estaba acabando a depuradora de Zobra, e agora estaba en planeamento a depuradora de Prado.

Rematou o debate, o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, insistindo que dende o goberno ían cumprir o pactado. Agradeceu que dende o PP recoñecesen estar dispostos a sentarse para negociar outros proxectos e mostrou o seu interese en falar e pactar con eles todo o que fixese falta.

**D. Xosé Crespo Iglesias** puntualizou que estaban dispostos a sentarse a negociar pero sendo coherentes. Se non lle prestaba o seu apoio o Sr. Concelleiro non adscrito, a moción non ía saír adiante.

Por iso, dixo que todos debían sentarse a negociar, incluídos o Sr. Concelleiro non adscrito. Non ía pedirlle apoio a este para que se aprobasen as mocións que presentaban dende o PP, e logo, deixalo ao marxe para negociar.

Continuou **D. Rafael Cuíña Aparicio** dicindo que como Alcalde, con respecto aos Plans da Deputación, sabía o que podía facer ou non.

Ademais con respecto aos 400.000 euros dixo que había informes de Contratación,

Intervención e do CPAM que reflectía o contrario do que dixo D. Xosé Crespo Iglesias e non podían investirse nos veciños este ano. E durante dúas sesións plenarias estiveron advertíndolle deste feito.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **APROBOUSE a moción por urxencia**, co seguinte tenor:

O pasado luns día 2 de xaneiro, o BOP de Pontevedra publicaba a convocatoria do Plan de Obras e Servizos para este ano, o Plan Concellos 2017, que contemplaba para Lalín unha cantidade de 1.516.882,35 euros. Cunha notable rebaixa respecto ao exercicio anterior de preto dun 10%, o que significará que se consignen para Lalín 170.000 euros menos -que converte ao noso nun dos dous concellos máis prexudicados da provincia de Pontevedra polas decisións en política de reparto de fondos do goberno bipartito de Carmela Silva-, as posibilidades de investimentos na mellora de servizos e infraestruturas do Concello de Lalín e dos veciños vense minguados por unha decisión partidista e puramente política que, ademais, non tivo a resposta contundente dun goberno sumiso ca Deputación.

Ao abeiro deste Plan Concellos do presente exercicio, o Partido Popular entende que se debe afrontar a continuidade do importante esforzo que ao longo dos últimos anos fixo o goberno do Partido Popular en dotar de depuradoras e saneamentos ao noso rural. Un esforzo tendente a mellorar e coidar o noso espléndido medio ambiente rural, pero tamén a dotar de infraestruturas e servizos de vila ou cidade aos veciños que habitan algunha das máis de medio cento de parroquias de Lalín.

No programa electoral que elixiu o maior número de lalinenses, o do Partido Popular, figuraba como unha das medidas prioritarias a extensión de saneamentos e depuradoras que permitisen avanzar no coidado do noso Medio Rural. Dúas das instalacións que consideramos prioritarias e que estaban nos plans do Partido Popular para a súa execución nos presentes catro anos eran as dunha nova depuradora en Vilatuxe, que dea servizo a unha das parroquias máis grandes e mesmo con máis actividade ao marxe do puramente gandeiro, e unha nova en Prado, que tamén conta cunha importante poboación e conta con actividade ao marxe do propiamente rural.

Ambos núcleos contan na actualidade con depuradoras instaladas pero que, co paso do tempo, foron quedando obsoletas ao levar máis de 20 anos funcionando nos dous casos e que presentan xa importantes deficiencias e un estado de funcionamento baixo mínimos. As dúas instalacións funcionan na actualidade por sistema de decantación e deberían ser substituídas por depuradoras biolóxicas mediante oxidación total, semellante a instalada hai catro anos na parroquia de Catasós, moito máis eficiente e cunha vida útil máis ampla que as actuais.

O Partido Popular tamén propón incluír entre os proxectos a recoller no Plan Concellos, ademais das pontes de Cristimil e Sestelo contempladas noutra moción rexistrada con



anterioridade, as obras de mellora en viales que no seu día propuxo o PP ao goberno para acometer con cargo aos remanentes de 2015 e que non se contemplaron nesa primeira listaxe por falla de fondos. Unha listaxe que formaban as seguintes fincas:

- 1.Rúa 4 (Lalín)
- 2.Galegos-Igrexa-Toimil (Galegos)
- 3.Pista de Alperiz a límite municipal (dirección Pedroso)
- 4.Aglomerado no lugar de San Martiño (losón)
- 5.Chares-Mato (Cercio)
- 6.Pista interior de Palio (Palio)
- 7.Pardesoa-Porcallos

Obras necesarias e que, como xa se comentou no seu momento, tiña previsto acometer o Partido Popular por ser prioritarias e necesario acometer.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Incluír no Plan Concellos 2017 correspondente ao Concello de Lalín a seguinte relación de obras:

- Novas depuradoras biolóxicas mediante oxidación total nas parroquias de Vilatuxe e Prado.
- As pontes de Cristimil e Sestelo sobre o río Asneiro.
- Obras de mellora nos seguintes viais:

- a.Rúa 4 (Lalín)
- b.Galegos-Igrexa-Toimil (Galegos)
- c.Pista de Alperiz a límite municipal (dirección Pedroso)
- d.Aglomerado no lugar de San Martiño (losón)
- e.Chares-Mato (Cercio)
- f.Pista interior de Palio (Palio)
- g.Pardesoa-Porcallos

#### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

##### **14.1.- CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.-**

###### **ROGOS.-**

###### **1. ROGO.-**

Rogou a reposición de luces fundidas no Centro Social de Goiás.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

###### **2. ROGO.-**

Rogou ao goberno de Lalín que establecese unha data para a actuación no punto de luz de Lamas (Cadrón).

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

### **3. ROGO.-**

Rogou a D. Nicolás González Casares que deixase por escrito, textualmente, a acusación que verteceu sobre a súa persoa e que a firmase. Así mesmo, se era posible legalmente, rogou un informe do Sr. Secretario (así mesmo transcripción literal) das palabras do Tenente de Alcalde, cando o acusaba de que el lle chamou terroristas a veciños de Lalín.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

### **4. ROGO.-**

Rogou ao Pleno de Lalín que se dirixise á súa persoa como Concelleiro “non adscrito” porque se sentía moi ofendido cando lle chamaban tráfuga.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

### **5. ROGO.-**

Rogou ao Sr. Alcalde que o atendese cando se dirixise a el para negociar polo ben dos veciños de Lalín.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

### **6. ROGO.-**

Rogou ao Sr. Alcalde e ao grupo de goberno que se apresurasen a levar a cabo as mocións aprobadas no Pleno.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

### **7. ROGO.-**

Rogou que se revisase a altura do número 10 das Casas Novas e se procedese a actuar, segundo fose posible, na poda e limpeza dese número 10.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

## **PREGUNTAS.-**

### **1. PREGUNTA.-**

Preguntou se coñecía o goberno de Lalín se lle fora outorgada algunha condecoración, civil ou militar, a Vicente Agulló e se llo preguntara á familia de Vicente Agulló nesas conversas, e tamén onde se lle outorgara dita condecoración.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

### **2. PREGUNTA.-**

Preguntou canto tempo facía que lle solicitara a D. Miguel Medela a actuación no punto de luz en Lamas (Cadrón).

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

### **3. PREGUNTA.-**

Preguntou onde estaban definidos os insultos para declarar que un termo era insulto ou

ofensa ao decoro dun membro da Corporación do Concello de Lalín?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**4. PREGUNTA.-**

Preguntou cal era a titularidade do Auditorio de Vilatuxe?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**5. PREGUNTA.-**

Preguntoulle ao goberno cal era a infracción que cometera para que o expulsara do Pleno de Lalín e pediu ao Sr. Secretario a elaboración dun informe solicitado sobre a expulsión.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**6. PREGUNTA.-**

Preguntoulle aos membros do PSOE do grupo de goberno do Concello de Lalín se no pasado non era ofensivo criticar a figura de Pablo Crespo? E de non ser ofensivo no pasado cando se refería a el o PSOE, porque non o era.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**7. PREGUNTA.-**

Preguntou cantos cartos custaba o “Menú do cocido” (actividade cultural).

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**8. PREGUNTA.-**

Preguntou cal era a definición semántica da onomatopea “uo, uo,uo” e se podía ser ofensiva esta forma que tivo de dirixirse D. Miguel Medela (CxL) a D. José Antonio Varela (PP). Preguntou se podía ser motivo de apercibimento.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**9. PREGUNTA.-**

Preguntou cal era o tipo de propiedade dos tanques da auga de Busto?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**10. PREGUNTA.-**

Preguntou cal era o estado das bases para as axudas ás bandas de música?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**11. PREGUNTA.-**

Preguntou cal era o estado o expediente de compra das ruínas en Moimenta para a realización da praza pública aprobada no Pleno.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

## **12. PREGUNTA.-**

Preguntou cal era o estado no proceso de realización do Regulamento Orgánico do Concello.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

## **13. PREGUNTA.-**

Preguntou como se controlaba o uso do Centro Social de Goiás, e porque quedaban acendidas as luces de noite.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

## **14.2.- PP. D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.-**

### **ROGOS.-**

#### **1. ROGO.-**

Rogou que se aclarase por parte do goberno que non se perderon 400.000 euros dos remanentes por culpa do PP e se dixese a verdade do que se trouxo ao Pleno un paquete de obras sen falar con ningún membro da oposición.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

### **PREGUNTAS.-**

#### **1. PREGUNTA.-**

Preguntoulle a D. Miguel Medela se na depuradora de Zobra, que estaba adxudicada e se estaba facendo agora mesmo, se incluía no Proxecto os colectores (que levaban os residuos para a depuradora) de Acedado e de Zobra, ou eses colectores terían que ir nun Proxecto a parte.

Comentáronlle que non os tiña e quería sabelo. Se o tiña non había problema pero senón o tiña, ía facer outra pregunta.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

#### **2. PREGUNTA.-**

Dende o goberno dixeron no Pleno que tiñan problemas de saturación nos Departamentos de Intervención, Contratación e Urbanismo, e ao parecer a mellor solución foi que o persoal destes Departamentos fose para o posto de Recepción do Concello, cando non había quen estivese na mesma.

Por iso preguntou se ían seguir mantendo o persoal deses Departamentos, en quendas para estar na Recepción do Concello.

Estaban a piques de saír os Plans de Contratación de Persoal da Deputación de Pontevedra, polo que preguntou se contrataron ou levaron xa na Orde do Día da Xunta de Goberno Local a contratación de persoal con cargo a estes Plans da Deputación.

Quería saber se estaban sen contratar ou ían ir na Orde do Día da próxima Xunta de Goberno Local.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

### **3. PREGUNTA.-**

O pasado 15 de maio de 2016, o Presidente da Comisión de Festas, D. Daniel Antelo, comentaba na rede social *Facebook*, que a Comisión de Festas pagou parte dos gastos dunha festa política que chamaron “*Cambio de Póla*”.

Preguntou se o Sr. Alcalde tiña coñecemento das declaracións vertidas polo Presidente da Comisión de Festas nomeado polo propio rexedor, de que con fondos das Festas das Dores se tiñan pagado ese tipo de festexos políticos.

Así mesmo preguntou como puido facer a Comisión de Festas para presentar unhas contas axustadas e “*inmaculadas*” aos veciños de Lalín e ao tempo pagar, se era certo que pagaran, esa festa política que celebraban para os seus afíns o cambio de goberno.

Preguntou se o Sr. Alcalde ía pedir explicacións sobre eses comentarios de D. Daniel Antelo na rede social *Facebook*.

*O Sr. Alcalde-Presidente respondeu que non lle constaba o dito polo Sr. Antelo pero non ía pedir ningunha explicación sobre eses comentarios.*

*Dado que as contas dos cartos públicos estaban auditadas, presentadas e aprobadas por Intervención, estaba a resposta feita e non había lugar a debate. Con cartos públicos non se pagou ningunha festa política. Isto era o que lle tiña que preocupar como responsable político.*

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que sendo o Presidente da Comisión de Festas, nomeado polo Sr. Alcalde, este debeu corrixir o comentario senón era certo o que se dixo na rede social *Facebook*. Se tivese corrixido o comentario, non se tería feito esta pregunta no Pleno. Simplemente corrixilo.

### **4. PREGUNTA.-**

Viu que o Sr. López, Alcalde de Rodeiro, desvelaba na prensa que o Concello de Lalín lle debía a cota íntegra do ano 2016 á Mancomunidade.

Por iso preguntou se era certo que a día de hoxe, contradicindo a legalidade, dende o Concello de Lalín aínda non se abonou a cota do ano 2016 á Mancomunidade.

Ademais preguntou se a Mancomunidade non mandou as máquinas durante todo o ano, traballar en Lalín o tempo que lle correspondía.

Preguntou se era esa a política de acoso e derribo que o goberno de Lalín quería ter contra a Mancomunidade.

Así mesmo preguntou se o Sr. Alcalde sabía que os Estatutos da Mancomunidade que aprobaron todos e aprobou o Pleno da Corporación regulaba nas achegas, que se os Concellos non pagaban, podía a Mancomunidade executar para que vía fondos do Estado se lle ingresasen á Mancomunidade.

*O Sr. Alcalde-Presidente respondeu que o voceiro popular estaba defendendo o indefendible.*

*Dende o goberno, tanto D. Francisco Xavier Vilariño Taboada como D. Nicolás González Casares, criticaron a defensa da Mancomunidade por parte do voceiro popular.*

*D. Francisco Xavier Vilariño Taboada recriminou que dende o PP se empregaba a Mancomunidade como o “seu chiringuito”. E a Mancomunidade incumpría os Estatutos e desprezaban institucionalmente aos Concellos e ás Corporacións.*

*Pediu que se mostrasen unidos fronte o que estaba sucedendo coa Mancomunidade, e non mostrarse como o estaban a facer no Pleno, porque unha cousa era o silencio cómplice e*

outra, mostrarse a favor da Mancomunidade.

**D. Nicolás González Casares** dixo que ao Presidente da Mancomunidade non convocaba en tempo e forma os órganos da mesma, por falta total de interese.

No ano 2014 aprobaron adicar os remanentes da Mancomunidade, que non dependen das cotas, á eficiencia enerxética. Levaba o proxecto feito meses e meses pero non había aforro enerxético en Lalín a día de hoxe, porque nin se convocou o Pleno nin a Xunta de Goberno polo Presidente da Mancomunidade.

Preguntou como lle ían pagar co diñeiro dos veciños de Lalín, a unha persoa, o Presidente da Mancomunidade, que incumpría, de xeito continuado, cos Estatutos da Mancomunidade. De feito o principal incumprimento era non convocar os órganos preceptivos da Mancomunidade. Polo tanto, era unha vergoña o que estaba a suceder coa Mancomunidade.

Neste intre, **D. Juan José Cruz García**, o Concelleiro non adscrito, pediu que constase en acta, que levaban cinco minutos para expoñer esta pregunta, e tamén que se produciron dúas novas interrupcións por parte de dous concelleiros. Non entendía porque estas interrupcións non foran amoestadas.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que dende que estaban a gobernar, estaban intentando “cargarse” a Mancomunidade porque non lles gustaba. Esa era a verdade absoluta, non lle gustaba a Mancomunidade porque pensaban que era un Proxecto do PP.

Non dialogaban coa Mancomunidade e tiñan falta de diálogo. Considerou que primeiro había que pagar as cotas e logo, protestar.

### **14.3.- PP. D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.-**

#### **ROGOS.-**

##### **1. ROGO.-**

Rogou que se transmitise á Deputación de Pontevedra que procedese a efectuar a limpeza da estrada de Prado a Vilatuxe.

*O Sr. Alcalde-Presidente dixo que o Concelleiro popular debía dirixirse á Deputación de Pontevedra, porque el non era parte da Deputación, á cal pertencía a competencia desa estrada.*

#### **PREGUNTAS.-**

##### **1. PREGUNTA.-**

Referiu que volvía formular unha serie de preguntas que xa formulou noutras sesións, pero consideraba que non estaban contestadas:

Na sesión plenaria celebrada en Setembro, o goberno acordou co PP, a elaboración por parte deste último, dunha relación de camiños para o seu acondicionamento en zahorra.

Relación de vías que rexistrou o PP o día 11 de outubro de 2016 e na que figuraban os seguintes camiños:

- 1- Lodeiro - Capilla de San Caetano.
- 2- Alvarellas - Pista do Medio do Agro.
- 3- Doade - Depósito de Auga de Codeseda.
- 4- Camiño do Coto - Casas Novas (Goiás).
- 5- Cotarelo - Ballote.

- 6- Parada - Moimenta.
- 7- Igrexa - Ponte dos Cabalos.
- 8- Maceira - Camiño do Cotón.
- 9- Des - Lado de Abaixo do Pazo.
- 10- Cabreira- Rodelas.
- 11- Cercio- Xunto ao Campo de Fútbol.
- 12- Anzo- Laterais do AVE.
13. Vilar- Soutolongo- Sestelo.
14. San Xorxe- Monte de Penas.
15. Alperiz- Granxa de García.

Con posterioridade, o día 2 de novembro de 2016 solicitouse a incorporación a esta lista do vial de Xaxán que vai dende a antiga procesadora de Cogomelos ata a estrada entre Cotarelo e Souto.

Tendo en conta esta relación e o acordo previo, formulou as seguintes preguntas e as contestacións do goberno que non considerou axeitadas, tal que:

- O goberno ía acometer o arranxo destas pistas?

O grupo de goberno contestou que si, porque estaba pactado.

- Acometeu a mellora de algunha delas?

O grupo de goberno contestou que a decisión do PP e do Concelleiro non adscrito de adiantar a súa decisión en Pleno impediu a súa execución durante o pasado ano.

Considerou que non estaba contestada porque non era iso o que preguntaron. Era unha pregunta referida ás pistas de zahorra e tería que responderse ao caso.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

#### **14.4.- PP. D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY.-**

##### **1. ROGO.-**

Rogou que á hora de facer a valoración das beirarrúas na parroquia de Cercio, se incluíse o inicio das mesmas dende o lugar de Chares.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que xa estaba previsto incluír dende Chares.*

##### **2.ROGO.-**

Rogou un desglose por conceptos e importes das inversións efectuadas ata o día de hoxe, na parroquia de Cercio.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que esta petición xa se efectuou por escrito.*

E, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Accidental.

Rafael Cuíña Aparicio

Jorge García Fernández